



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 19 de XULLO de 2024

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e trinta minutos do día dezanove de xullo de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

A concelleira Sra. Caride Estévez incorpórase á reunión no punto 18.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e a interventora xeral adxunta, Sra. Gómez Corbal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(551).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 10 de xullo de 2024 e ordinaria do 12 de xullo de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(552).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE “SEN SENRA” DENTRO DO PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE “VIGO EN FESTAS 2024”. EXPTE. 10148/335.

Visto o informe de fiscalización do 16/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de administración xeral e a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do espectáculo do artista "Sen Senra" (10148-335) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 3 de xullo de 2024, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista "SEN SENRA" dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024".

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 30 de maio de 2024 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 3 de xullo de 2024, redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 116.765,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 96.500,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- O 11 de xullo de 2024 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L.

Terceiro.- O 12 de xullo de 2024, ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 12 de xullo de 2024, reuníronse a técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 xunto coa xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como instrutora do procedemento por resolución da Concelleira de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 23 de xuño de 2023, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 14.2.A) do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L.

Comprobada a capacidade e solvencia do licitador, procedeuse á apertura da documentación económica contida no "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA", de conformidade coa cláusula 17.2 do PCAP.

Revisada a proposición, comprobouse que no punto 1 da mesma, a licitadora facía mención a ao artista "UB40" (*"Que acepta executar o contrato para a contratación do concerto da artista UB40, de acordo cos pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas particulares do contrato"*), cando, o presente procedemento é para a contratación do artista "Sen Senra". En vista do anterior e, en base a doutrina do Tribunal Supremo (*"STS 4839/2004, de 6 de xullo de 2004 e STS 5838/2004, de 21 de setembro"*), procedeuse a outorgar un prazo de 3 días naturais a ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L. para que emendase o anteriormente exposto, no seu caso, mediante declaración, asinada polo seu representante, no que ratificara que a oferta realizada o foi no marco do procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de "Sen Senra"

O 16 de xullo de 2024, reúnense a técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 xunto coa xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como instrutora do procedemento por resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 23 de xuño de 2023, e constátase que a licitadora, en data 15 de xullo de 2024, presentou a documentación solicitada polo que unha vez comprobada que esta é correcta, enténdese emendada a documentación do sobre B.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación *"dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación"*.

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP *"Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración."*

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L., sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente os certificados acreditativos de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión ás actas do 12 e do 16 de xullo de 2024 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do espectáculo do artista “Sen Senra” (10148-335) por un prezo total de 116.765,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 20.265,00 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(553).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE “ÓPERA RIGOLETTO - COMPAÑÍA L’OPERAMORE” DENTRO DO PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE “VIGO EN FESTAS 2024”. EXPTE. 10158/335.

Visto o informe de fiscalización do 12/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de administración xeral e a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do espectáculo do artista "Opera Rigoletto - Compañía L'Operamore" (10158-335) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 5 de xullo de 2024, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo da "OPERA RIGOLETTO - COMPAÑIA L'OPERAMORE" dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024".

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 04 de xuño de 2024 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 03 de xullo de 2024, redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 48.763,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 40.300,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- O 5 de xullo de 2024 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, S.L.

Terceiro.- O 10 de xullo de 2024, PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, S.L., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 10 de xullo de 2024, reuníronse a técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 xunto coa xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como instrutora do procedemento por resolución da Concelleira de

Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 23 de xuño de 2023, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 14.2.A) do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, S.L.

Comprobada a capacidade e solvencia do licitador, procedeuse á apertura da documentación económica contida no "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA", de conformidade coa cláusula 17.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación "*dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación*".

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP "*Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración.*"

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, S.L., sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, así como o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, onde figura o cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión á acta do 10 de xullo de 2024 de apertura dos sobres A e B.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, S.L. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do espectáculo do artista “Opera Rigoletto - Compañía L’Operamore” (10158-335) por un prezo total de 48.763,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.463,00 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(554).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE ORGANIZIA EVENTGLOBAL S.L. EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO CIRCUÍTO MAPFRE DE TENIS PRAIA-LIGA MAPFRE DE TENIS PRAIA. EXPTE. 23898/333.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 12/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/07/2024, asinado polo xefe do servizo de deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro-delegado, o concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

a.- Con data 11.06.24 a entidade Organizia Eventoglobal S.L solicitou, a través do rexistro xeral do Concello de Vigo (Doc.240173627) a solicitude de subvención pola organización na cidade de Vigo do **CIRCUÍTO MAPFRE DE TENIS PRAIA-LIGA MAPFRE DE TENIS PRAIA** por un importe de 10.000,00€.

b.- Documentación presentada pola entidade solicitante xunto á súa solicitude:

- Proxecto deportivo da Liga Nacional de Tenis Praia MAPFRE 2024 (tte. 5)
- Certificado de débedas coa AET do 24/06/2024, coa ATRIGA do 24/06/2024, coa Seguridade Social do 24/06/2024 e co Concello de Vigo o 13/06/2024 (tte. 3)
- Anexos I.1 (modelo solicitude), I.2 (certificado de competicións), I.3 (orzamento ingresos e gastos) e I.4 (declaración responsable) (tte. 4)
- Certificado da Federación Galega de Tenis dos dereitos da organización da competición (tte. 3)

- Certificado titularidade conta bancaria (tte. 3)
- NIF da entidade, DNI do representante e constitución da sociedade (tte. 3)

c.- Memoria xustificativa do outorgamento da subvención asinada pola xefatura do servizo municipal de Deportes, o 13 de xuño de 2024.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade impulsar proxectos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ó desenvolvemento dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a toda a cidadanía.

Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos.

Da mesma forma, a proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo entre outras cuestións, de acordo co establecido na liña adicada á dinamización de eventos de deporte urbano e fomento de actividades sociais no dito plan, a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acolledora de eventos deportivos como ferramenta de colaboración e apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística, crear un entorno de promoción do deporte vinculado ó espectáculo deportivo como ferramenta de ocio, colaborar co desenvolvemento de eventos e programas deportivos na cidade de Vigo, colaborar no desenvolvemento de programas e eventos de promoción deportiva, contribuír á promoción da cidade de Vigo, etc.

O evento obxecto da presente proposta contribúe ó cumprimento dos ditos obxectivos o que fundamenta a proposta de subvención.

Neste ámbito e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións de organismos nacionais ou internacionais cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

Esta competición servirá, entre outras cuestións para:

- Estimular o turismo na cidade, incrementando a demanda de aloxamentos.
- Promocionar a cidade de Vigo como cidade do deporte, colocándoa como referencia da modalidade.
- Posicionar a Vigo como lugar de interese no ámbito deportivo.
- Proxectar a imaxe da cidade a nivel internacional.
- Atraer inversións á cidade do ámbito deportivo.
- Servir de referencia para os e as xóvenes deportistas da cidade.
- Potenciar a marca Vigo como cidade do deporte.

O obxectivo desta actuación de fomento, responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
- Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
- O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
- Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais novos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina

que o “Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

A lexislación aplicable, para esta proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

A vixencia do convenio é pola organización do evento deportivo **“CIRCUÍTO MAPFRE DE TENIS PRAIA-LIGA MAPFRE DE TENIS PRAIA**, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a realización do evento deportivo e como máximo ata o 15 de Novembro de 2024.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

2. Xustificación do carácter excepcional da subvención

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, o que xustifica que se conceda directamente, consonte co artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. A súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público: se trata dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional, que conta cunha ampla promoción da actividade deportiva na modalidade de tenis, e un alto nivel deportivo da competición, que atraerá á cidade ós e ás mellores deportistas da modalidade a nivel nacional.

O evento deportivo obxecto desta subvención consiste no desenvolvemento durante tres días (5, 6 e 7 de xullo) unha parte do circuíto nacional de tenis praia, xunto a outras cidades do noso país (Castellón, Xixón, Menorca, Melilla, etc...), pola Federación Española de Tenis.

O carácter excepcional que dificulta a convocatoria pública desta proposta de subvención ven determinado polo feito de que a entidade Organizia Eventoglobal S.L é a única entidade que dispón dos dereitos deportivos e os medios humanos, materiais e organizativos que se requiren para o desenvolvemento do **CIRCUÍTO MAPFRE DE TENIS PRAIA-LIGA MAPFRE DE TENIS PRAIA**. Nesta competición é a Federación nacional, titular única dos dereitos destes campionatos nacionais, a que decide, de entre as sedes que se postulan a organizar cada evento, a que entidade á que cede os dereitos de organización.

Neste caso, a entidade Organizia Eventoglobal S.L presentou a documentación que acredita a posesión dos dereitos de organización do **CIRCUÍTO MAPFRE DE TENIS PRAIA-LIGA MAPFRE DE TENIS PRAIA** na cidade de Vigo.

3. Xustificación do interese público, social, económico o humanitario, e outras (debidamente xustificadas) que dificultan a súa convocatoria pública

O desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

O evento, dada a súa importancia, garante unha ampla cobertura a nivel nacional grazas fundamentalmente a que é unha proba de ámbito nacional, e que é a competición de maior rango nacional e única en Galicia.

Estes datos identifican claramente a envergadura do evento que se vai desenvolver na cidade, cunha repercusión nacional moi relevante, coa presenza dos e das mellores deportistas nacionais, cunha asistencia de público esperado de gran volume, cuestións que se traducirán nun retorno moi importante para a cidade de Vigo no plano social, económico e de promoción.

Esta competición ademais de servir de escaparate para a cidade, ofrecendo a oportunidade de mostrar a capacidade de Vigo como sede de grandes competicións, impulsarán ó comercio local, promovendo obxectivos en liña cos obxectivos do Concello de Vigo neste ámbito.

Estas circunstancias configuran o evento como algo singular, co que non atopamos outro de iguais características, o que impide a convocatoria pública da subvención e xustifica a súa concesión directa.

Ante estes aspectos, considérase fundamentada a necesidade dun marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos de interese para a cidade

de Vigo, e que motiva a proposta de tramitación dunha subvención orientada, entre outras cuestións, a favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

Terceiro.- Proposta

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a proposta de resolución de concesión directa dunha subvención a favor da entidade Organizia Eventoglobal S.L CIF: B36915585 pola organización do **CIRCUÍTO MAPFRE DE TENIS PRAIA-LIGA MAPFRE DE TENIS PRAIA** na cidade de Vigo e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 10.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 3410.4700000, a favor da entidade entidade Organizia Eventoglobal S.L CIF: B36915585 e enderezo social na rúa Avda de Samil, 99,-2, en Vigo, segundo resulta da documentación presentada e vinculada co expediente do expediente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO COA ENTIDADE ORGANIZIA EVENTOGLOBAL S.L. EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO CIRCUÍTO MAPFRE DE TENIS PRAIA-LIGA MAPFRE DE TENIS PRAIA. EXPEDIENTE 23898-333.

REUNIDOS

Dunha parte, F. Javier Pardo Espiñeira . Segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024).

Doutra, Juan Carlos Andrés Costas, como representante legal de Organizia Eventoglobal S.L CIF: B.36915585 e enderezo social na Avda. Samil, 99-2, en Vigo, segundo resulta da documentación obrante no expediente 23898-333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto deste convenio é o desenvolvemento na cidade de Vigo do proxecto deportivo "**CIRCUÍTO MAPFRE DE TENIS PRAIA-LIGA MAPFRE DE TENIS PRAIA**" pola entidade Organizia Eventoglobal S.L que ostenta os dereitos de organización e representación en exclusiva do Evento deportivo, tal como acredita na documentación presentada no Concello de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

A entidade Organizia Eventoglobal S.L propón a celebración na cidade de Vigo do **CIRCUÍTO MAPFRE DE TENIS PRAIA-LIGA MAPFRE DE TENIS PRAIA** unha importante competición que converterá á cidade de Vigo, durante a súa celebración, nun centro de atención internacional do baloncesto.

II.-Que a entidade Organizia Eventoblobal S.L. organizará o **CIRCUÍTO MAPFRE DE TENIS PRAIA-LIGA MAPFRE DE TENIS PRAIA**, do xeito indicado no proxecto deportivo presentado.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Fomentar a ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como "Cidade do Deporte"

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo dispón no seu vixente orzamento o crédito necesario para outorgar unha subvención a favor da entidade Organizia Eventoglobal S.L por importe de 10.000,00 €.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, os convenios a través dos que se canalicen as subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade coa propia Lei, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar co financiamento do proxecto de organización e celebración na cidade de Vigo do evento deportivo **CIRCUÍTO MAPFRE DE TENIS PRAIA-LIGA MAPFRE DE TENIS PRAIA**.

VI.- Que a entidade Organizia Eventoglobal S.L. non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias (Estado e CCAA) e fronte á Seguridade Social, e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que figuran no expediente.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e a entidade Organizia Eventoglobal S.L materializan o seu interese acordan a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Organizia Eventoglobal S.L comprométese a organizar o **CIRCUÍTO MAPFRE DE TENIS PRAIA-LIGA MAPFRE DE TENIS PRAIA** na Cidade de Vigo asumindo a responsabilidade única na organización nas condicións detalladas no proxecto presentado e

garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin e cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto. As súas responsabilidades incluirán:

1º.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización do evento deportivo.

2º.-Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

4º.- Publicitar de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos deberán figurar o logotipo do Concello de Vigo, como colaborador do evento deportivo.

5º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

6º.-Que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

7º.- Invitar ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.

8º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, deberá figurar nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:

- Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.
- Nas zonas centrais e de máxima visibilidade na zona de xogo, espazo deportivo ou nos arcos de saída ou chegada se os houbera.
- Na páxina principal da WEB da entidade e do evento deportivo, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.

9º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc... , e entregala ó Concello de Vigo no prazo de 45 días dende a finalización do evento deportivo.

10º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción do **CIRCUÍTO MAPFRE DE TENIS PRAIA-LIGA MAPFRE DE TENIS PRAIA** (revista, web, etc).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

2º.- Conceder directamente á Organizia Eventoglobal S.L unha subvención por importe de 10.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4700000 e a súa bolsa de vinculación do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas coa organización do evento deportivo **CIRCUÍTO MAPFRE DE TENIS PRAIA-LIGA MAPFRE DE TENIS PRAIA**. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo e ata o 15 de novembro de 2024.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados. O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2024 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as achegas económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo **CIRCUÍTO MAPFRE DE TENIS PRAIA-LIGA MAPFRE DE TENIS PRAIA**.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV, capítulo I, e arts 59, 65, 67, 68 y 69 do capítulo II da LXS e Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de novembro de 2024 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os da súa representante serán incorporados aos ficheiros municipais.

A finalidade da súa recollida é a instrución e tramitación do procedemento de concesión desta subvención así como o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa de aplicación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto polo Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento e do Consello de 27 de abril de 2016 e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo.- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan plantexar.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses. A súa modificación requirirá acordo unánime das partes asinantes.

Vixésima primeira.- A resolución o acordo de concesión se poderá modificar, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos de subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

Vixésima segunda.- En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.
 - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
 - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
 - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

5(555).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DO PADRÓN DE EXACCIÓN UNIFICADAS INDUSTRIAIS: LIXO COMERCIAL, ENTRADA DE VEHÍCULOS E RESERVA DE APARCAMENTO DO ANO 2024. EXPTE. 57095/516. Dáse conta da resolución do concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda de data 01/07/2024, que di o seguinte:

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolucións de Delegación de Alcaldía de datas 19 e 20 de xuño de 2023 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral).

De conformidade co Informe-Proposta da Xestión Tributaria - Dirección de Ingresos,

RESOLVO:

1.- Aprobar o Padrón Fiscal de Exaccións Unificadas de Industriais do ano 2024 (taxa de lixo comercial e taxas por entradas de vehículos e reserva especial de aparcamento) por importe

S.ord. 19/07/2024

total de 7.144.097,34 Euros, segundo relación nominal de suxeitos pasivos que comeza pola inscrición nº 57740 que figura a nome de “104 CUBE SL”, e remata coa inscrición nº 8376 que figura a nome de “ÁLVAREZ ARAUJO ÁLVARO”, cun total de 23.483 inscricións (23.434 recibos) e correspondendo a:

- Taxa de lixo comercial	5.285.554,73.-	Euros
- Entrada vehículos	1.819.388,41.-	Euros
- Reservas aparcamento	39.154,20.-	Euros

2.- Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2. da Ordenanza Fiscal Xeral.

3.- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días naturais, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(556).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN PARCIAL, DOCENCIA E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE VIGO (EMMV). EXPTE. 23977/332.

Visto o informe xurídico do 08/07/2024 e o informe de fiscalización do 11/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/07/2024, asinado pola xefa do servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

1.- Aprobación expediente de contratación: A Xunta de Goberno Local, na sesión do 17 de xullo de 2020, aprobou o expediente de contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música de Vigo - EMMV (expediente 23977/332), por procedemento aberto, así como o Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 29/01/2020 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 19/06/2020 que rexen a licitación, ademais do correspondente gasto por importe de 1.785.969,80 euros, acordando a apertura do procedemento de licitación.

2.- Adxudicación: A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de 8 de outubro de 2020 acordou adxudicar a ESMUVIGO S.C.G. o procedemento aberto para a



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de música de Vigo (EMMV) por un prezo total de 1.785.969,80 euros, exento de IVE, cun compromiso de realizar 10 días de actividades extraescolares complementarias (a maiores das audicións periódicas do alumnado) e a impartición de 40 horas de cursos específicos.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local e a oferta presentada.

3.- Prazos: O PCAP referise aos prazos na súa cláusula 26:

"1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido. (...)"

O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece respecto ao prazo de execución :

A) *PRAZO TOTAL: catro anos.*

B) *PRAZOS PARCIAIS: non*

C) *PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: si, unha prórroga dun ano de duración. (...)"*

4.- Formalización do contrato: O contrato foi formalizado en data 2 de novembro de 2020 entre o Concello de Vigo e a entidade adxudicataria, establecéndose na cláusula 4ª do mesmo que *"O prazo do contrato é catro anos. Contémplanse unha prórroga dun ano. O contrato iniciarase o día da sinatura do contrato pola Secretaría do Goberno Local."*

5.- Preaviso da prórroga: En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do PCAP establece que *"Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses."*

En data 3 de xullo de 2024, a contratista recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a prórroga de un ano para o contrato dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música de Vigo, conforme ao estipulado no mesmo .

6.- Prestación do servizo: A prestación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música por parte da entidade contratista (Esmuvigo S.C.G.) estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta.

Polo tanto, dende o Servizo de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a materialización da prórroga dun (1) ano contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 02/11/2024 e o 01/11/2025.

7.- Orzamento: O prezo total do contrato para catro anos quedou aprobado por un importe de 1.785.969,80 euros, sendo o prezo por anualidade de 446.492,45 euros.

Polo tanto, o prezo para a prórroga por un ano deste contrato quedaría fixado en 446.492,45 euros, exento de IVE, que se dividiría en dúas anualidades:

- con cargo ao exercicio orzamentario 2024 (do 02/11 ao 31/12): 81.180,44 euros;
- e con cargo ao exercicio orzamentario 2025 (do 01/01 ao 01/11): 365.312,01 euros.

O devandito gasto podería imputarse á aplicación orzamentaria 3230.227.9902 (Escola Municipal de Música) dos exercicios 2024 e 2025, conforme á anterior división.

En relación aos créditos para o exercicio 2024, faise constar que xa existe a operación contable RC 202400003906, por importe de 81.180,44 euros, de retención de crédito para a tramitación da prórroga do contrato.

8.- Competencia: A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017 (LCSP).

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a adopción dos seguintes **acordos:**

1º.- Autorizar a prórroga do contrato para os servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música de Vigo (expte. 23977/332) para o período comprendido entre o 02/11/2024 e o 01/11/2025, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un importe de 446.492,45 euros correspondente a esta prórroga, a favor de Esmuvigo SCG, CIF F-27.779.255. Este gasto imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9902 (Escola Municipal de Música), e a súa distribución anual será a seguinte:

- Con cargo ao exercicio orzamentario 2024 (de 02/11 a 31/12): 81.180,44 euros.
- Con cargo ao exercicio orzamentario 2025 (de 01/01 a 01/11): 365.312,01 euros.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(557).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN PARCIAL, DOCENCIA E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA FOLK E TRADICIONAL (E-TRAD). EXPTE. 23978/332.

Visto o informe xurídico do 08/07/2024 e o informe de fiscalización do 11/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/07/2024, asinado pola xefa do servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

ANTECEDENTES:

1.- Aprobación expediente de contratación: A Xunta de Goberno Local, na sesión do 17 de xullo de 2020, aprobou o expediente de contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música Folk e Tradicional - ETRAD (expediente 23978/332), por procedemento aberto, así como o Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 17/02/2020 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 19/06/2020 que rexen a licitación, ademais do correspondente gasto por importe de 1.024.561,40 euros, acordando a apertura do procedemento de licitación.

2.- Adxudicación: A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urgente de 8 de outubro de 2020 acordou adxudicar a GALEGA DE RECURSOS EDUCATIVOS AVANZADOS, S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música Folk e Tradicional (ETRAD) por un prezo total de 1.024.500,00 euros, exento de IVE, cun compromiso de realizar 10 días de actividades extraescolares complementarias (a maiores das audicións periódicas do alumnado) e a impartición de 60 horas de cursos específicos.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local e a oferta presentada.

3.- Prazos: O PCAP referise aos prazos na súa cláusula 26:

“1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido. (...)”

O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece respecto ao prazo de execución :

A) *PRAZO TOTAL: catro anos.*

B) *PRAZOS PARCIAIS: non*

C) *PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: si, unha prórroga dun ano de duración. (...)”.*

4.- Formalización do contrato: O contrato foi formalizado en data 2 de novembro de 2020 entre o Concello de Vigo e a entidade adxudicataria, establecéndose na cláusula 4ª do mesmo que *“O prazo do contrato é catro anos. Contémplanse unha prórroga dun ano. O contrato iniciarase o día da sinatura do contrato pola Secretaría do Goberno Local.”.*

5.- Preaviso da prórroga: En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do PCAP establece que *“Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.”*

En data 3 de xullo de 2024, a contratista recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a prórroga de un ano para o contrato dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música Folk e Tradicional, conforme ao estipulado no mesmo .

6.- Prestación do servizo: A prestación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música Folk e Tradicional por parte da entidade contratista (Galega de Recursos Educativos Avanzados, S.L:) estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta.

Polo tanto, dende o Servizo de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a materialización da prórroga dun (1) ano contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 02/11/2024 e o 01/11/2025.

7.- Orzamento: O prezo total do contrato para catro anos quedou aprobado por un importe de 1.024.500,00 euros, sendo o prezo por anualidade de 256.125,00 euros.

Polo tanto, o prezo para a prórroga por un ano deste contrato quedaría fixado en 256.125,00 euros, exento de IVE, que se dividiría en dúas anualidades:

- con cargo ao exercicio orzamentario 2024 (do 02/11 ao 31/12): 46.568,18 euros;
- e con cargo ao exercicio orzamentario 2025 (do 01/01 ao 01/11): 209.556,82 euros.

O devandito gasto podería imputarse á aplicación orzamentaria 3260.227.9918 (Escola Municipal de Música Tradicional e Folk) dos exercicios 2024 e 2025, conforme á anterior división.

En relación aos créditos para o exercicio 2024, faise constar que xa existe a operación contable RC 202400003988, por importe de 46.568,18 euros, de retención de crédito para a tramitación da prórroga do contrato.

8.- Competencia: A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017 (LCSP).

Á vista das anteriores consideracións, proponse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a adopción dos seguintes **acordos:**

1º.- Autorizar a prórroga do contrato para os servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música Folk e Tradicional (expte. 23978/332) para o período comprendido entre o 02/11/2024 e o 01/11/2025, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un importe de 256.125,00 euros correspondente a esta prórroga, a favor de Galega de Recursos Educativos Avanzados SL, CIF B-36.576.049. Este gasto imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 3260.227.9918 (Escola Municipal de Música Tradicional e Folk), e a súa distribución anual será a seguinte:

- Con cargo ao exercicio orzamentario 2024 (de 02/11 a 31/12): 46.568,18 euros.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

- Con cargo ao exercicio orzamentario 2025 (de 01/01 a 01/11): 209.556,82 euros.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(558).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN PARCIAL, DOCENCIA E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA. EXPTE. 23979/332.

Visto o informe xurídico do 08/07/2024 e o informe de fiscalización do 11/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/07/2024, asinado pola xefa do servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

1.- Aprobación expediente de contratación: A Xunta de Goberno Local, na sesión do 17 de xullo de 2020, aprobou o expediente de contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Danza - EMD (expediente 23979/332), por procedemento aberto, así como o Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 17/02/2020 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 19/06/2020 que rexen a licitación, ademais do correspondente gasto por importe de 601.909,04 euros, acordando a apertura do procedemento de licitación.

2.- Adxudicación: A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urgente de 8 de outubro de 2020 acordou adxudicar a D. WENCESLAO CABEZAS DEL TORO o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Danza de Vigo (EMD) por un prezo total de 601.909,04 euros, exento de IVE, cun compromiso de realizar 10 días de actividades extraescolares complementarias (a maiores das audicións periódicas do alumnado) e a impartición de 40 horas de cursos específicos.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local e a oferta presentada.

3.- Prazos: O PCAP referise aos prazos na súa cláusula 26:

“1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido. (...)”

O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece respecto ao prazo de execución :

A) **PRAZO TOTAL:** *catro anos.*

B) **PRAZOS PARCIAIS:** *non*

C) *PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: si, unha prórroga dun ano de duración. (...)*”.

4.- Formalización do contrato: O contrato foi formalizado en data 2 de novembro de 2020 entre o Concello de Vigo e a entidade adxudicataria, estabelecéndose na cláusula 4ª do mesmo que “*O prazo do contrato é catro anos. Contémplanse unha prórroga dun ano. O contrato iniciarase o día da sinatura do contrato pola Secretaría do Goberno Local.*”.

5.- Preaviso da prórroga: En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do PCAP establece que “*Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.*”

En data 4 de xullo de 2024, O contratista recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a prórroga de un ano para o contrato dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música de Vigo, conforme ao estipulado no mesmo .

6.- Prestación do servizo: A prestación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Danza por parte do empresario contratista (Wenceslao Cabezas del Toro) estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta.

Polo tanto, dende o Servizo de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a materialización da prórroga dun (1) ano contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 02/11/2024 e o 01/11/2025.

7.- Orzamento: O prezo total do contrato para catro anos quedou aprobado por un importe de 601.909,04 euros, sendo o prezo por anualidade de 150.477,26 euros.

Polo tanto, o prezo para a prórroga por un ano deste contrato quedaría fixado en 150.477,26 euros, exento de IVE, que se dividiría en dúas anualidades:

- con cargo ao exercicio orzamentario 2024 (do 02/11 ao 31/12): 27.359,50 euros;
- e con cargo ao exercicio orzamentario 2025 (do 01/01 ao 01/11): 123.117,76 euros.

O devandito gasto podería imputarse á aplicación orzamentaria 3260.227.9926 (Escola Municipal de Danza) dos exercicios 2024 e 2025, conforme á anterior división.

En relación aos créditos para o exercicio 2024, faise constar que xa existe a operación contable RC 202400003997, por importe de 27.359,50 euros, de retención de crédito para a tramitación da prórroga do contrato.

8.- Competencia: A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017 (LCSP).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Autorizar a prórroga do contrato para os servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Danza (expte. 23979/332) para o período comprendido entre o 02/11/2024 e o 01/11/2025, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un importe de 150.477,26 euros correspondente a esta prórroga, a favor de D. Wenceslao Cabezas del Toro, NIF 25.925.740-Q. Este gasto imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 3260.227.9926 (Escola Municipal de Danza), e a súa distribución anual será a seguinte:

- Con cargo ao exercicio orzamentario 2024 (de 02/11 a 31/12): 27.359,50 euros.
- Con cargo ao exercicio orzamentario 2025 (de 01/01 a 01/11): 123.117,76 euros.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(559).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE “SUBVENCIONS PARA A ORGANIZACION DE FEIRAS E FESTIVAIS INDUSTRIAIS E COMERCIAIS CON SEDE EN VIGO QUE FOMENTEN A CONTRATACION DE PERSOAS EN SITUACION DE DESEMPREGO”. EXPTE. 20951/77.

Visto o informe de fiscalización do 12/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/07/2024, asinado pola técnica de administración xeral e conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. Obxecto da subvención:

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola concellería da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude do Concello de Vigo -que se integra na liña 4.10. Actividades de defensa dos intereses comerciais, industriais, profesionais e de carácter económico do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024 - ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas dirixidas ao financiamento de feiras e festivais industriais e comerciais ou calquera outro de igual ou similar que promova o desenvolvemento empresarial, en beneficio do interese xeral e colabore nun maior benestar social.

II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións,

racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.

Neste marco normativo, a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Participación Cidadá e Emprego.

De conformidade co exposto, queda determinada a competencia municipal para o exercicio da actividade de fomento do emprego.

III. Beneficiarias:

Con carácter xeral, poderán acceder á condición de beneficiarias das subvenciones reguladas nesta bases entidades sen ánimo de lucro que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), fundacións e institucións de dereito público e entidades de dereito privado (empresas ou sociedades do sector das feiras, congresos e convencións con estrutura e capacidade suficientes para garantir o cumprimento dos obxectivos do proxecto feiral presentado) e que teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo.

IV. Finalidade:

- Estas axudas están dirixidas ao fomento do emprego mediante a celebración de feiras e festivais industriais e comerciais, de índole internacional, estatal e autonómica que impulsen o desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador do emprego entre a cidadanía de Vigo, que redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas des-empregadas en particular.

Xa que logo, a finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego mediante a celebración de feiras e festivais industriais e comerciais, é en particular:

- Promoción das industrias e profesionais de sectores estratéxicos da cidade.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

- Fomento na opinión pública da importancia social e económica destes sectores, industriais, tecnolóxicos e comerciais, e o potencial como eixo comercial internacional.
- Posicionamento estratéxico como polos económicos e industrias para competir nun mercado global.
- Consolidación e fomento do emprego derivado da organización de feiras e festivais dos sectores industriais, tecnolóxicos e comerciais.
- Potenciación da capacidade do sector industrial, tecnolóxico e comercial da nosa contorna e os valores turísticos de Vigo, tendo en conta as oportunidades que se desenvolven no ámbito destas citas que converten a nosa cidade nun gran escaparate, así como a consolidación empresarial no ámbito de actuación da feira ou festival.
-

V. Procedemento de concesión da subvención:

Esta nova convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva.

VI. Normativa de aplicación:

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VII. Tramitación electrónica:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinadas electronicamente polo representante legal da entidade con anterioridade á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Cada entidade poderá presentar unha única solicitude, podendo incluír máis dun evento en dita solicitude.

Así mesmo e, a tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, as entidades beneficiarias achegarán a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a presentación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

VIII. Contía total e crédito orzamentario:

1. A contía total destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario (2024) do Concello de Vigo é de **205.000,00€** (douscentos cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida. 2410 4700003, denominada “Feiras industriais”.

Poderase ampliar a contía máxima do crédito dispoñible para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.

2. O límite máximo establecido para cada entidade solicitante é de **100.000,00 euros**.

3. O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade.

4. Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederase á redución da subvención na mesma proporción.

X. Publicidade:

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para a organización de feiras e festivais industriais e



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

comerciais con sede en Vigo que fomenten a contratación de persoas en situación de desemprego 2024 " en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación, segundo cada caso, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión da denominación da actividade subvencionada.

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

XI. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local. Xa que logo, de conformidade co disposto na vixente LRBRL e de acordo coas delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2023, correspóndelle á Xunta de Goberno Local a adopción do presente acordo.

XII. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

De conformidade co anteriormente exposto, a tenor do previsto nas bases reguladoras da subvención, do artigo 23.3 da Lei de Subvencións de Galicia, e nos termos e condicións, alcance e contido dos informes de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Goberno de

Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, nos termos competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 124 da Lei 7/85 e Resolución de Delegación de Competencias de Alcaldía de 19 de xuño de 2023), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe de 205.000,00€ (douscentos cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4700003, denominada “Feiras industriais”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo correspondentes ao ano 2024.

SEGUNDO: Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma, as Bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para a organización de feiras e festivais industriais e comerciais con sede en Vigo que fomenten a contratación de persoas en situación de desemprego 2024” e os modelos de formularios oficiais, que se achegan ao presente acordo.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para a organización de feiras e festivais industriais e comerciais con sede en Vigo que fomenten a contratación de persoas en situación de desemprego 2024” e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- Os modelos de formularios oficiais, que se publicarán na páxina web (www.vigo.org) a disposición das persoas usuarias.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN DE FEIRAS E FESTIVALS INDUSTRIAIS E COMERCIAIS CON SEDE EN VIGO QUE FOMENTEN A CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO 2024



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

BASE 1ª.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCÍONS

Obxecto.

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola concellería da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude do Concello de Vigo -que se integra na liña 4.10. Actividades de defensa dos intereses comerciais, industriais, profesionais e de carácter económico do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024 - ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas dirixidas ao financiamento de feiras e festivais industriais e comerciais ou calquera outro de igual ou similar natureza que promova o desenvolvemento empresarial, en beneficio do interese xeral e colabore nun maior benestar social que se realicen entre o **1 de xaneiro e o 15 de outubro de 2024**.

Finalidade.

Estas axudas están dirixidas ao fomento do emprego mediante a celebración de feiras e festivais industriais e comerciais, de índole internacional, estatal e autonómica que impulsen o desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador do emprego entre a cidadanía de Vigo, que redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

Xa que logo, a finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego mediante a celebración de feiras e festivais industriais e comerciais, é en particular:

- Promoción das industrias e profesionais de sectores estratéxicos da cidade.
- Fomento na opinión pública da importancia social e económica destes sectores, industriais, tecnolóxicos e comerciais, e o potencial como eixo comercial internacional.
- Posicionamento estratéxico como polos económicos e industrias para competir nun mercado global.
- Consolidación e fomento do emprego derivado da organización de feiras e festivais dos sectores industriais, tecnolóxicos e comerciais.
- Potenciación da capacidade do sector industrial, tecnolóxico e comercial da nosa contorna e os valores turísticos de Vigo, tendo en conta as oportunidades que se desenvolven no ámbito destas citas que converten a nosa cidade nun gran escaparate, así como a consolidación empresarial no ámbito de actuación da feira ou festival.

Beneficiarias.

Con carácter xeral, poderán acceder á condición de beneficiarias das subvenciones reguladas nesta bases entidades sen ánimo de lucro que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), fundacións e institucións de dereito público e entidades de dereito privado (empresas ou sociedades do sector das feiras, congresos e convencións con estrutura e capacidade suficientes para garantir o cumprimento dos obxectivos do proxecto feiral presentado) e que teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo.

BASE 2ª.- REQUISITOS DAS SOLICITANTES

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarias as entidades, sen ánimo de lucro e institucións de dereito público, que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que a actividade feiral presentada se desenvolva en Vigo.
3. No caso de entidades sen ánimo de lucro deberán atoparse debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria.
4. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
5. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesarias para acadalos.
6. Que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa Seguridade Social. O/s interesado/s poderá/n autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para o cal achegarán o **Anexo IV** cumprimentado e asinado electronicamente.
7. Que se acompañe á solicitude a documentación preceptiva detallada na Base Oitava desta convocatoria.
8. No atoparse comprendido en ningún dos supostos recollidos no artigo 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións.
9. A xustificación por parte das solicitantes de non atoparse incursas nas prohibicións para obter a condición de beneficiarias realizarase na forma establecida no artigo 13,7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, e no Título Preliminar, capítulo III, sección 3 do Regulamento da citada Lei Xeral de Subvencións, aprobada polo RD 887/2006, de 21 de xullo.

BASE 3º.- GASTOS SUBVENCIONABLES

A subvención soamente poderá cubrir os gastos directos. Se consideran gastos directos aqueles vinculados á execución da actividade feiral ou festival e que financian a consecución dos seus obxectivos.

Consideraranse gastos subvencionables, as seguintes categorías de gastos:

- a) Coordinación do evento, convocatoria e rexistro de asistentes, protocolo.
- b) Aluguer ou canon, montaxe e desmontaxe das instalacións necesarias para a celebración da feira e/ou festival.
- c) Rotulación, sinalización, iluminación, megafonía, servizos audiovisuais, directamente vinculadas coa organización e celebración da feira e/ou festival.
- d) Persoal ao servizo do evento: servizo de azafatas, tradución simultánea, guías turísticos ou similares, vixilancia, seguridade e limpeza directamente vinculadas coa organización e celebración da feira ou festival.
- e) Os elementos e dispositivos de apoio técnico, así coma os medios persoais, que permitan a participación no evento subvencionable a tódalas persoas, garantindo a accesibilidade universal.
- f) Promoción e publicidade da feira ou festival en calquera soporte: deseño, elaboración, maquetación e tradución de material promocional, web do evento, banners, frames, pop-ups, redes sociais para a súa difusión e/ou emisión, apps específicas para o evento, marketing de contidos (branded content e inbound marketing) memorias, anuncios en radio, prensa, vallas publicitarias, lonas, mobiliario urbano, etc.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

- g) Plans de autoprotección e evacuación.

Non se considerarán gastos subvencionables os que a continuación se relacionan:

- a. Os gastos financeiros.
- b. Os custes indirectos en que incorra a beneficiaria.
- c. Os xuros debedores de contas bancarias.
- d. Xuros, recargos e sancións administrativas e penais.
- e. Os gastos de procedimentos xudiciais.
- f. Os importes correspondentes á aplicación do impostos sobre o valor engadido (IVE) ou outros impostos, agás cando os devanditos impostos sexan real e definitivamente soportados pola solicitante sen que sexan susceptibles de recuperación ou compensación e poida amosarse mediante a presentación da documentación oficial correspondente.

BASE 4ª.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

1. A contía total destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario (2024) do Concello de Vigo é de **205.000,00€** (douscentos cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida. 2410 4700003, denominada "Feiras industriais".

Poderase ampliar a contía máxima do crédito dispoñible para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.

2. O límite máximo establecido para cada entidade solicitante é de **100.000,00 euros**.

3. O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade.

4. Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederase á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

BASE 5ª.- COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCIONS

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

BASE 6ª.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS ENTIDADES SUBVENCIONADAS

As entidades e institucións de dereito público beneficiarias das subvencións conforme á presente normativa, están obrigadas a:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións na forma, condicións e prazo establecidos.
2. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades e o cumprimento da finalidade que fundamentan a concesión das axudas na forma, prazos e termos establecidos na memoria.
3. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira.
4. Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
5. Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.
6. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.
7. Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.
8. Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social con anterioridade á proposta de resolución de concesión destas axudas.
9. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.
10. Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.
11. Cumprir cos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.
12. A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional do Concello de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

Vigo en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades da beneficiaria, debendo aparecer nestas co seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador de todas as actividades realizadas por esta entidade no ano 2024.

BASE 7ª.- PRAZO E PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinadas electronicamente polo representante legal da entidade con anterioridade á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Cada entidade poderá presentar unha única solicitude, podendo incluír mais dun evento en dita solicitude.

BASE 8ª.- DOCUMENTACIÓN

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Os solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os solicitantes anexarán á solicitude a documentación que se indica a continuación:

a) Anexo I: Solicitude:

- Datos da entidade solicitante.
- Datos da persoa representante legal da entidade.
- Dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou un enderezo de correo electrónico, que necesariamente deberán indicar para poder enviar un aviso de posta a disposición das notificacións electrónicas. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
- Sinatura electrónica do representante legal da entidade: deberán asinar electronicamente a solicitude **antes do seu envío** a través da sede electrónica.

b) Anexo II: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos asinada electronicamente polo representante legal da entidade.

c) Anexo III: Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas asinada electronicamente polo representante legal da entidade.

d) Anexo IV: Autorización expresa para a consulta e verificación de datos polo Concello de Vigo, para comprobar se o/a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, Tesourería da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Vigo. No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as **Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social**, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran.

e) Anexo V: Proxecto do evento sobre o que se solicita a subvención, o cal deberá incluír relación detallada das actividades a realizar, obxectivos, destinatarios finais, detalle do orzamento total do evento e calquera outra información que estimen conveniente para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes, o devandito proxecto deberá ser asinado electronicamente polo representante legal da entidade.

A solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou solicitar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible obter os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

BASE 9ª.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinadas para tal fin no correspondente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible para cada exercicio.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables, e os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación do importe a conceder serán os seguintes:

1.- Calidade do proxecto (máximo 130 puntos):

- **Alcance**, isto é o ámbito xeográfico ao que se dirixe, local, autonómico, nacional ou internacional. (máximo 10 puntos):
 - Perfil internacional: 10 puntos
 - Perfil nacional: 8 puntos
 - Perfil autonómico: 4 puntos
 - Perfil local: 2 puntos
- **Duración**, entenderase por número de días establecidos de desenvolvemento da actividade feiral ou festival. (máximo 10 puntos):
 - Feira de 3 días ou máis: 10 puntos
 - Feira de 2 días: 6 puntos
 - Feira dun día: 3 puntos
- **Colaboración con outras entidades públicas ou privadas** para o desenvolvemento do evento (máximo 10 puntos):
 - Colaboración con 1 entidade pública: 10 puntos
 - Colaboración con 2 ou máis entidades públicas: 8 puntos
- **Actividades complementarias** (obradoiros, mesas redondas, ...) (máximo 10 puntos)
 - Un punto por actividade complementaria cun máximo de 10 puntos.
- **Fomento do voluntariado no evento**: 2 puntos.
- **Medidas de compensación do impacto medioambiental xerado polo evento**: 5 puntos
- **Medidas ou accións de inclusión para o fomento da empregabilidade de persoas con discapacidade**: 10 puntos.
- **Entidades participantes no evento mediante a montaxe de estands** (máximo 25 puntos):
 - Entidades Internacionais:
 - Máis de 100 entidades internacionais: 15 puntos
 - De 50 a 100 entidades internacionais: 10 puntos
 - De 1 a 50 entidades internacionais: 6 puntos

- Entidades Nacionais:
 - Máis de 100 entidades nacionais: 10 puntos
 - De 50 a 100 entidades nacionais: 8 puntos
 - De 1 a 50 entidades nacionais: 5 puntos

2.- Experiencia e antigüidade, acreditada do proxecto e considerando as edicións desenvolvidas en Vigo, (máximo 10 puntos):

- Máis de 5 edicións : 10 puntos
- Entre 2 e 5 edicións : 8 puntos
- Primeira edición: 4 puntos

3.- Número de asistentes previstos, tanto no formato offline coma online. Como base requírense os datos históricos de asistentes en anteriores edicións e a estimación diferenciada da presente edición (máximo 10 puntos):

- Más de 10.000 asistentes: 10 puntos
- Entre 8.001 y 10.000 asistentes: 8 puntos
- Entre 6.001 y 8.000 asistentes: 6 puntos
- Entre 4.001 e 6.000 asistentes: 4 puntos
- Inferior a 6.000 asistentes: 2 puntos

4.- Achega de recursos propios para os gastos xerais de funcionamento e/o equipamento (ata 8 puntos). Entenderase por recursos propios aqueles que a entidade destina ao evento obxecto da subvención provenientes dos seus propios orzamentos e que no poderán ser substituídos por achegas doutras entidades nin incluídos nos gastos subvencionables do evento.

- Achega de máis do 30%: 8 puntos.
- Achega entre o 21% e o 30%: 5 puntos.
- Achega entre o 10% e o 20%: 3 puntos.

5.- Impacto da feira ou festival na cidade de Vigo, entenderase polo número de persoas contratadas de xeito directo para o desenvolvemento do evento e de xeito indirecto noutros sectores pola realización do evento na nosa cidade (ata 20 puntos).

- Máis de 100 contratacións: 20 puntos
- Entre 81 y 100 contratacións: 16 puntos
- Entre 41 y 80 contratacións: 12 puntos
- Entre 21 y 40 contratacións: 10 puntos
- Entre 11 e 20 contratacións: 6 puntos
- Inferior a 10 contratacións: 3 puntos

BASE 10ª.- PREAVALIACIÓN DAS SOLICITUDES E SUPOSTOS DE DESESTIMACIÓNS

Nesta fase de preavaliación, verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiaras das subvencións.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

Unha vez examinada a documentación achegada polas entidades, desestimaranse as seguintes solicitudes:

1- Cando as actividades que se pretenden fomentar, segundo memoria achegada:

- Non se axusten aos fins e obxectivos perseguidos nesta convocatoria.
- Supoñan a edición de documentos internos ou externos de signo exclusivamente propagandístico.
- Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- Actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
- Aquelas que, en consideración ao proxecto e programación, non reúnan as condicións mínimas de interese xeral indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos e finalidades da convocatoria.
- Cando non se axuste á solicitude ao proxecto de actividades que fundamentan a concesión da subvención.

2- Con carácter xeral:

- Aquelas que non cumpran cos requisitos establecidos na Base 2ª desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarias.
- Aquelas solicitudes para actividades que comprenden gastos subvencionables que xa foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo ou subvencionados pola Concellería de Emprego, no vixente exercicio orzamentario.

BASE 11ª.- PROCEDIMENTO: INSTRUCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA

1.- Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

2.- O Servizo de Desenvolvemento Local, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos/as de Desenvolvemento Local, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4.- A avaliación das solicitudes de subvención, conforme aos criterios sinalados nas presentes bases, realizarase pola **Comisión de Valoración**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: A concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude ou concelleiro/a en quen delegue.
- 2 Vogais: O/a xefe/a de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e un/unha técnico/a do mesmo.
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario/a un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

A concelleira da Área resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión. A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de persoas expertss sobre materias concretas se o considera conveniente.

5- As solicitudes avaliaranse en atención á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Novena, deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada.

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, a Comisión de Valoración remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **nove meses** contados a partir da publicación do extracto da convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

7. A resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

8. Dende o día seguinte á notificación da resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a **aceptación ou renuncia** da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

9. O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

10. Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos, recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou-no prazo establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC). Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contáranse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

11. A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluído o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, no vindeiro exercicio orzamentario.

BASE 12ª.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA

A beneficiaria deberá xustificar no prazo de 30 días hábiles, dende o día seguinte ao derradeiro día do evento, sempre e cando non exceda este prazo do día **31 de outubro de 2024** o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá achegar unha conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>, na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel asinadas dixitalmente.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

- Solicitud de abono da subvención.
- **Declaración responsable asinada electronicamente** na que manifesten que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da presente subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.
- **Memoria descritiva das actuacións realizadas asinada electronicamente** xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- **Memoria económica asinada electronicamente** dos gastos incorridos asinada electronicamente, cos xustificantes de pago dos gastos incorridos, á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente, indicando na táboa o **nome de empresa**, o número de **NIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto e deberá indicarse o **importe que se imputa á subvención (total/parcial)**:
 - en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
 - no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
 - de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non orzamentados na memoria
 - as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
 - En caso de exención do IVE achegarase unha declaración responsable asinada electronicamente pola entidade de non dedución do IVE ou, no seu defecto, o acordo de exención do IVE correspondente.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificarse **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electronicamente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

- **A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias** (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade se opón expresamente á verificación telemática destes datos polo Concello de Vigo, deberá achegar de novo os certificados correspondentes.

- Para o caso de que a entidade beneficiaria declare **ter recibido outras subvencións** para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica da resolución de concesión das mesmas.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia da reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

BASE 13ª.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONS

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederase a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales, sen atender ao requirimento, teranse por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 21 da Lei 35/2015 do PAC das AAP.

O persoal técnico do servizo, será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou daquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, a desestimación ou desistimento da solicitude, así como, a renuncia á subvención.

BASE 14ª.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, en relación aos expedientes de subvencións, lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

BASE 15ª.- ABOAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Tales circunstancias deberán acreditarse novamente de non ser posible a súa comprobación telemática ou cando os certificados que consten no expediente carezan de vixencia.

Así mesmo, lémbrese que as entidades beneficiarias están obrigadas a comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

BASE 16ª.- PERDA DO DEREITO AO COBRO: REVOGACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONS. RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIONS

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, por ende, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido.
- A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta aos termos da Base Décimo Segunda.
- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento
- Adopción de medidas de difusión do financiamento público recibido nos termos previstos nestas Bases
- Ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.
- Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade, co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

No caso de que, por concorrencia de subvencións, a contía das axudas superen o custo dos proxectos subvencionados, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

c) Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

d) En canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o previsto nas Lei 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

BASE 17ª.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

BASE 18ª.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

BASE 19ª.- PUBLICIDADE

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para a organización de feiras e festivais industriais e comerciais con sede en Vigo que fomenten a contratación de persoas en situación de desemprego 2024 " en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación, segundo cada caso, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión da denominación da actividade subvencionada.

CONVOCATORIA DAS SUBVENCIONES PARA A ORGANIZACIÓN DE FEIRAS E FESTIVALS INDUSTRIAIS E COMERCIAIS CON SEDE EN VIGO QUE FOMENTEN A CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO 2024

Primeiro.- Obxecto e Finalidade



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola concellería da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude do Concello de Vigo -que se integra na liña 4.10. Actividades de defensa dos intereses comerciais, industriais, profesionais e de carácter económico do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024 - ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas dirixidas ao financiamento de feiras e festivais industriais e comerciais ou calquera outro de igual ou similar natureza que promova o desenvolvemento empresarial, en beneficio do interese xeral e colabore nun maior benestar social, que se realicen entre o **1 de xaneiro e o 15 de outubro de 2024**.

A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego mediante a celebración de feiras e festivais industriais e comerciais, é en particular:

- Promoción das industrias e profesionais de sectores estratéxicos da cidade.
- Fomento na opinión pública da importancia social e económica destes sectores, industriais, tecnolóxicos e comerciais, e o potencial como eixo comercial internacional.
- Posicionamento estratéxico como polos económicos e industrias para competir nun mercado global.
- Consolidación e fomento do emprego derivado da organización de feiras e festivais dos sectores industriais, tecnolóxicos e comerciais.
- Potenciación da capacidade do sector industrial, tecnolóxico e comercial da nosa contorna e os valores turísticos de Vigo, tendo en conta as oportunidades que se desenvolven no ámbito destas citas que converten a nosa cidade nun gran escaparate, así como a consolidación empresarial no ámbito de actuación da feira ou festival.

Segundo. Beneficiarias.

Con carácter xeral, poderán acceder á condición de beneficiarias das subvenciones reguladas nesta bases entidades sen ánimo de lucro que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), fundacións e institucións de dereito público e entidades de dereito privado (empresas ou sociedades do sector das feiras, congresos e convencións con estrutura e capacidade suficientes para garantir o cumprimento dos obxectivos do proxecto feiral presentado) e que teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo.

Terceiro. Réxime da convocatoria.

A convocatoria realízase en réxime de concorrència competitiva.

Cuarto. Normativa e bases reguladoras.

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2024, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Quinto. Contía das axudas.

1. A contía total destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario (2024) do Concello de Vigo é de **205.000,00€** (douscentos cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida. 2410 4700003, denominada "Feiras industriais".
2. O límite máximo establecido para cada entidade solicitante é de **100.000,00 euros**.
3. O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade.
4. Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederase á redución da subvención na mesma proporción.

Sexto. Prazo de presentación de solicitudes.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinadas electronicamente polo representante legal da entidade con anterioridade á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Cada entidade poderá presentar unha única solicitude, podendo incluír mais dun evento en dita solicitude.

Sétimo. Documentación.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Os solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os solicitantes anexarán á solicitude a documentación que se indica a continuación:

a) Anexo I: Solicitude:

- Datos da entidade solicitante.
- Datos da persoa representante legal da entidade.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

- Dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou un enderezo de correo electrónico, que necesariamente deberán indicar para poder enviar un aviso de posta a disposición das notificacións electrónicas. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

– Sinatura electrónica do representante legal da entidade: deberán asinar electronicamente a solicitude **antes do seu envío** a través da sede electrónica.

b) Anexo II: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos asinada electronicamente polo representante legal da entidade.

c) Anexo III: Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas asinada electronicamente polo representante legal da entidade.

d) Anexo IV: Autorización expresa para a consulta e verificación de datos polo Concello de Vigo, para comprobar se o/a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, Tesourería da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Vigo. No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as **Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social**, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran.

e) Anexo V: Proxecto do evento sobre o que se solicita a subvención, o cal deberá incluír relación detallada das actividades a realizar, obxectivos, destinatarios finais, detalle do orzamento total do evento e calquera outra información que estimen conveniente para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes, o devandito proxecto deberá ser asinado electronicamente polo representante legal da entidade.

A solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou solicitar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible obter os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

Oitavo. Órganos competentes para a instrución, resolución do procedemento e notificación. Recursos e renuncia.

1.- Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

2.- O Servizo de Desenvolvemento Local, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos/as de Desenvolvemento Local, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4.- A avaliación das solicitudes de subvención, conforme aos criterios sinalados nas presentes bases, realizarase pola **Comisión de Valoración**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: A concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude ou concelleiro/a en quen delegue.
- 2 Vogais: O/a xefe/a de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e un/unha técnico/a do mesmo.
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario/a un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

A concelleira da Área resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión. A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de persoas expertss sobre materias concretas se o considera conveniente.

5- As solicitudes avaliaranse en atención á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Novena, deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, a Comisión de Valoración remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **nove meses** contados a partir da publicación do extracto da convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

7. A resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

8. Dende o día seguinte á notificación da resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a **aceptación ou renuncia** da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

9. O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

10. Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos, recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou-no prazo establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

(LPAC). Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

11. A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluído o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, no vindeiro exercicio orzamentario.

Noveno. Criterios de valoración.

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinadas para tal fin no correspondente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible para cada exercicio.

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables, e os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación do importe a conceder serán os seguintes:

1.- Calidade do proxecto (máximo 130 puntos):

- **Alcance**, isto é o ámbito xeográfico ao que se dirixe, local, autonómico, nacional ou internacional. (máximo 10 puntos):
 - Perfil internacional: 10 puntos
 - Perfil nacional: 8 puntos
 - Perfil autonómico: 4 puntos
 - Perfil local: 2 puntos
- **Duración**, entenderase por número de días establecidos de desenvolvemento da actividade feiral ou festival. (máximo 10 puntos):
 - Feira de 3 días ou máis: 10 puntos
 - Feira de 2 días: 6 puntos
 - Feira dun día: 3 puntos
- **Colaboración con outras entidades públicas ou privadas** para o desenvolvemento do evento (máximo 10 puntos):
 - Colaboración con 1 entidade publica: 10 puntos
 - Colaboración con 2 ou máis entidades públicas: 8 puntos



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

- **Actividades complementarias** (obradoiros, mesas redondas, ...) (máximo 10 puntos)
 - Un punto por actividade complementaria cun máximo de 10 puntos.
- **Fomento do voluntariado no evento:** 2 puntos.
- **Medidas de compensación do impacto medioambiental xerado polo evento:** 5 puntos
- **Medidas ou accións de inclusión para o fomento da empregabilidade de persoas con discapacidade:** 10 puntos.
- **Entidades participantes no evento mediante a montaxe de estands** (máximo 25 puntos):
 - Entidades Internacionais:
 - Máis de 100 entidades internacionais: 15 puntos
 - De 50 a 100 entidades internacionais: 10 puntos
 - De 1 a 50 entidades internacionais: 6 puntos
 - Entidades Nacionais:
 - Máis de 100 entidades nacionais: 10 puntos
 - De 50 a 100 entidades nacionais: 8 puntos
 - De 1 a 50 entidades nacionais: 5 puntos

2.- Experiencia e antigüidade, acreditada do proxecto e considerando as edicións desenvolvidas en Vigo, (máximo 10 puntos):

- Máis de 5 edicións : 10 puntos
- Entre 2 e 5 edicións : 8 puntos
- Primeira edición: 4 puntos

3.- Número de asistentes previstos, tanto no formato offline coma online. Como base requírense os datos históricos de asistentes en anteriores edicións e a estimación diferenciada da presente edición (máximo 10 puntos):

- Más de 10.000 asistentes: 10 puntos
- Entre 8.001 y 10.000 asistentes: 8 puntos
- Entre 6.001 y 8.000 asistentes: 6 puntos
- Entre 4.001 e 6.000 asistentes: 4 puntos
- Inferior a 6.000 asistentes: 2 puntos

4.- Achega de recursos propios para os gastos xerais de funcionamento e/o equipamento (ata 8 puntos). Entenderase por recursos propios aqueles que a entidade destina ao evento obxecto da subvención provenientes dos seus propios orzamentos e que no poderán ser substituídos por achegas doutras entidades nin incluídos nos gastos subvencionables do evento.

- Achega de máis do 30%: 8 puntos.
- Achega entre o 21% e o 30%: 5 puntos.
- Achega entre o 10% e o 20%: 3 puntos.

5.- Impacto da feira ou festival na cidade de Vigo, entenderase polo número de persoas contratadas de xeito directo para o desenvolvemento do evento e de xeito indirecto noutros sectores pola realización do evento na nosa cidade (ata 20 puntos).

- Máis de 100 contratacións: 20 puntos
- Entre 81 y 100 contratacións: 16 puntos
- Entre 41 y 80 contratacións: 12 puntos
- Entre 21 y 40 contratacións: 10 puntos
- Entre 11 e 20 contratacións: 6 puntos
- Inferior a 10 contratacións: 3 puntos

Décimo. Outros datos.

A beneficiaria deberá xustificar no prazo de 30 días hábiles, dende o día seguinte ao derradeiro día do evento, sempre e cando non exceda este prazo do día **31 de outubro de 2024** o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá achegar unha conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>, na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

Décimo primeiro. Publicación.

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para a organización de feiras e festivais industriais e comerciais con sede en Vigo que fomenten a contratación de persoas en situación de desemprego 2024 " en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.

- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación, segundo cada caso, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión da denominación da actividade subvencionada.

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO XX/06/2024 POLO QU SE CONVOCAN AS SUBVENCIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN DE FEIRAS E FESTIVAIS INDUSTRIAIS E COMERCIAIS CON SEDE EN VIGO QUE FOMENTEN A CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO 2024

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro.- Obxecto e Finalidade

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola concellería da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude do Concello de Vigo -que se integra na liña 4.10. Actividades de defensa dos intereses comerciais, industriais, profesionais e de carácter económico do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024 - ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas dirixidas ao financiamento de feiras e festivais industriais e comerciais ou calquera outro de igual ou similar natureza que promova o desenvolvemento empresarial, en beneficio do interese xeral e colabore nun maior benestar social, que se realicen entre o **1 de xaneiro e o 15 de outubro de 2024**.

A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego mediante a celebración de feiras e festivais industriais e comerciais, é en particular:

- Promoción das industrias e profesionais de sectores estratéxicos da cidade.
- Fomento na opinión pública da importancia social e económica destes sectores, industriais, tecnolóxicos e comerciais, e o potencial como eixo comercial internacional.
- Posicionamento estratéxico como polos económicos e industrias para competir nun mercado global.
- Consolidación e fomento do emprego derivado da organización de feiras e festivais dos sectores industriais, tecnolóxicos e comerciais.
- Potenciación da capacidade do sector industrial, tecnolóxico e comercial da nosa contorna e os valores turísticos de Vigo, tendo en conta as oportunidades que se desenvolven no ámbito destas citas que converten a nosa cidade nun gran escaparate, así como a consolidación empresarial no ámbito de actuación da feira ou festival.

Segundo. Beneficiarias.

Con carácter xeral, poderán acceder á condición de beneficiarias das subvenciones reguladas nesta bases entidades sen ánimo de lucro que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), fundacións e institucións de dereito público e entidades de dereito privado (empresas ou sociedades do sector das feiras, congresos e convencións con estrutura e capacidade suficientes para garantir o cumprimento dos obxectivos do proxecto feiral presentado) e que teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo.

Terceiro. Bases reguladoras.

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo do XX/XX/XX e publicadas en <http://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=e>.

Cuarto. Contía das axudas.

1. A contía total destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario (2024) do Concello de Vigo é de **205.000,00€** (douscentos cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida. 2410 4700003, denominada “Feiras industriais”.
2. O límite máximo establecido para cada entidade solicitante é de **100.000,00 euros**.
3. O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade.
4. Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederase á redución da subvención na mesma proporción.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinadas electronicamente polo representante legal da entidade con anterioridade á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

Cada entidade poderá presentar unha única solicitude, podendo incluír mais dun evento en dita solicitude.

Sexto. Documentación.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Os solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os solicitantes anexarán á solicitude a documentación que se indica a continuación:

a) Anexo I: Solicitude:

- Datos da entidade solicitante.
- Datos da persoa representante legal da entidade.
- Dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou un enderezo de correo electrónico, que necesariamente deberán indicar para poder enviar un aviso de posta a disposición das notificacións electrónicas. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
- Sinatura electrónica do representante legal da entidade: deberán asinar electronicamente a solicitude **antes do seu envío** a través da sede electrónica.

b) Anexo II: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos asinada electronicamente polo representante legal da entidade.

c) Anexo III: Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas asinada electronicamente polo representante legal da entidade.

d) Anexo IV: Autorización expresa para a consulta e verificación de datos polo Concello de Vigo, para comprobar se o/a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, Tesourería da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Vigo. No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as **Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social**, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran.

e) Anexo V: Proxecto do evento sobre o que se solicita a subvención, o cal deberá incluír relación detallada das actividades a realizar, obxectivos, destinatarios finais, detalle do orzamento total do evento e calquera outra información que estimen conveniente para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes, o devandito proxecto deberá ser asinado electronicamente polo representante legal da entidade.

A solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou

solicitar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible obter os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

Sétimo. Outros datos.

A beneficiaria deberá xustificar no prazo de 30 días hábiles, dende o día seguinte ao derradeiro día do evento, sempre e cando non exceda este prazo do día **31 de outubro de 2024** o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá achegar unha conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>, na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

10(560).- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN RELATIVO Á CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA O DESENVOLVEMENTO DE FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, GASTRONÓMICAS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS PERÍODO 2022-2023. EXPTE. 9849/335.

Visto o informe xurídico do 09/05/2024 e o informe de fiscalización do 11/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/07/2024, asinado polo enxeñeiro municipal e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. Con data 11 de maio de 2023 apróbase pola Xunta de Goberno Local as bases reguladoras, convocatoria e extracto de subvencións para o desenvolvemento de Festas Tradicionais, Patronais, Gastronómicas e Actividades Socioculturais período 2022 - 2023 (expte. 9712/335). A cantidade destinada a dita convocatoria ascende a 239.000 € con cargo a partida 3380.489.0000 do programa de Festas para o vixente exercicio.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

2. Con data, 18 de maio de 2023 foron publicadas no BOPPO as bases reguladoras da concesión das subvencións do servizo de Festas para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais período 2022-2023. O prazo de presentación de solicitudes foi de 15 días hábiles, que comezou ao día seguinte da publicación do extracto no BOPPO, sendo o inicio o 23 de xuño e o remate o 13 de xullo de 2023, ambos os dous incluídos.

3. A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas foi levado a cabo polo servizo de Festas, que unha vez revisadas as solicitudes e de acordo co estipulado na base oitava (instrución) solicitaron aos/as interesados/as para que nun prazo de dez días, completaran a documentación ou os defectos materiais e formais e achegaran os documentos perceptivos.

4. Unha vez rematada a instrución do expediente, foi remitido á Comisión de Avaliación que se reúne ás 09:00 horas do día 5 de decembro de 2023 na planta segunda do Concello de Vigo, e que está integrada polo Concelleiro Delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, D. Ángel Rivas González que actúa como presidente; e por D. Álvaro Crespo Casal como vogal e Antía Mosquera González como secretaria, acordando a desestimación das seguintes solicitudes:

EXPTE	NOME DA ENTIDADE	CIF	CAUSA DA DESESTIMACIÓN
9761-335	Asoc. Irmandade Festas Patronais de Candeán	G36757003	Documentación sen subsanar
9849,335	A. V. del Barrio de la Feria de Cabral	G36729796	Documentación sen subsanar
9918-335	CRAC de Coruxo	G36627495	Documentación sen subsanar
9764-335	Asociación Irmandade Nosa Sra. da Alba	G36887933	Documentación sen subsanar
9853-335	Asociación Comisión de Festas dos Ramallos	G36878395	Documentación sen subsanar
9875-335	Ateneo Musical de Bembrive	G36784197	Documentación sen subsanar
9876-335	Asoc. S. CDR Helios de Bembrive	G36633428	Documentación sen subsanar
9877-335	asociación Coral Polifónica Anduriña	G36898708	Documentación sen subsanar
9881-335	Asociación Veciñal Socio-Cultural e Deportiva de San Miguel de Oia	G36648640	Documentación sen subsanar
9893-335	Unión Veciñal Cultural e Deportiva de Candeán	G36863348	Documentación sen subsanar
9910-335	Asociación Unión Musical de Valladares	G36639110	Documentación sen subsanar
9911-335	Asoc. V.S.C.D. O Freixo	G36654184	Documentación sen subsanar
9916-335	Asoc. Veciños de San Pedro de Sárdoma	G36649325	Documentación sen subsanar
9917-335	Lideiras Asoc. Cultural	G67674598	Documentación sen subsanar

5. A xunta de Goberno local en sesión ordinaria de data 16/02/24 acordou entender desistidas da súa solicitude ás entidades que consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común, "Se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, a entidade solicitante será requirida mediante notificación electrónica para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción

da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.”

6. Consonte o acordo adoptado pola Xunta de Goberno o Concelleiro Delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais na data 01/03/24 remite ao interesado notificación da resolución declarando desistido a súa solicitude á entidade **Asociación de Veciños da Feira Cabral (G36729796)** e informando do prazo para interposición de recurso.

7. Na data 06/03/24 a entidade presenta recurso de reposición (doc. nº. 240079839) ante o órgano que dictou a resolución, no cal a parte recorrente indica que presentou a documentación en tempo e forma subsanando as deficiencias requiridas polo Servizo de Festas.

FUNDAMENTOS

A Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no artigo 123 establece que os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recurridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano polo que foron dictados.

De acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia, da información que obra en poder do órgano instrutor despréndese que a entidade beneficiaria cumpre cos requisitos necesarios para acceder a subvención.

Na resolución de data 27/02/24 acordase a desestimación da solicitude ao comprobar que os anexos I e II figuran co mesmo erro referente á **“Festa do Xurelo”** (líña I.3).

No presente recurso de reposición, a dita entidade alega que presentaron a documentación solicitada no requirimento enviado o 13/12/23 (saída 158375-2023-1) en tempo e forma, e remiten novamente o anexo I asinado, solicitan que se continúe coa tramitación da referida subvención.

En relación coas manifestacións efectuadas pola parte recorrente, unha vez comprobada a veracidade do manifestado, tendo en conta o arraigo e tradición desta festa que se ven celebrando no barrio da Feira de Cabral dende fai mais de 15 anos e de acordo co establecido na base novena e coa conformidade do concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA

PRIMEIRO.- ESTIMAR o recurso de reposición interposto pola Asociación de Veciños da Feira de Cabral (G-36729796) contra a resolución do concelleiro delegado de data 27/02/24.

SEGUNDO.- Aprobar unha subvención para a actividade “XXIII Festa do Xurelo” cunha asignación fixa de 4.000,00 €, entendendo que reúne as condicións recollidas na base



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

décimo primeira 1.3) das bases, ao ter unha antigüidade de máis de 15 anos, con cargo á aplicación orzamentaria 3380.4890000 (Transf. a Entidades e Comisións de Festas).

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución a Asociación de Veciños da Feira de Cabral. Contra esta resolución que pon fin a vía administrativa conforme o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), os interesados poderán interpoñer recurso contencioso – administrativo ante a orde xurisdiccional.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(561).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA RENDICIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS DE FONDOS A XUSTIFICAR. ANO 2024 – 1ª REMESA. EXPTE. 103002/140.

Visto o informe de fiscalización do 12/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do servizo de fiscalización, a interventora adxunta e o concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

Lexislación aplicable:

- Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.
- Base 23 das de Execución do Orzamento de 2024.

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Abalde Comesaña Raquel	12024000005562 (3127)	9120.2260100	1.500,00	1.421,20	05/01/24	23/04/24	05/04/24	78,80	-----
Abalde Comesaña Raquel	12024000005563 (3128)	9120.2310000	500,00	410,44	05/01/24	25/04/24	05/04/24	89,56	
Abalde Comesaña Raquel	12024000005564 (3129)	9120.2200100	800,00	840,30	05/01/24	04/04/24	05/04/24	----	40,30
Abalde Comesaña Raquel	12024000005565 (3130)	9120.2269900	500,00	366,51	05/01/24	04/04/24	05/04/24	133,49	----
Abalde Comesaña Raquel	12024000005566 (3131)	9120.2300000	500,00	98,95	05/01/24	04/04/24	05/04/24	401,05	----
Carballo Acuña Alberto	12024000005579 (3716)	1320.2269900	1.000,00	391,10	10/01/24	12/04/24	10/04/24	608,90	----

Carballo Acuña Alberto	1202400005580 (3717)	1320.2312000	200,00	23,00	10/01/24	16/04/24	10/04/24	177,00	----
Carballo Acuña Alberto	1202400005581 (3718)	1320.2200000	200,00	135,60	10/01/24	19/03/24	10/04/24	64,40	----
Carballo Acuña Alberto	1202400005582 (3719)	1320.2219900	1.000,00	430,02	10/01/24	22/04/24	10/04/24	569,98	----
Carballo Acuña Alberto	1202400005583 (3720)	1320.2120000	1.000,00	57,86	10/01/24	09/04/24	10/04/24	942,14	----
Carballo Acuña Alberto	1202400005584 (3721)	1320.2140000	1.000,00	----	10/01/24	13/03/24	10/04/24	1.000,00	----
Carballo Acuña Alberto	1202400005585 (3722)	1320.2190000	500,00	275,00	10/01/24	14/03/24	10/04/24	225,00	----
Carballo Acuña Alberto	1202400005586 (3723)	1320.2250200	3.000,00	1.420,18	10/01/24	17/04/24	10/04/24	1.579,82	----
Carballo Acuña Alberto	1242000005587 (3724)	1320.2230000	2.000,00	671,55	10/01/24	12/04/24	10/04/24	1.328,45	----
Carballo Acuña Alberto	202300168978	1320.2200000	200,00	111,88	18/09/23	28/12/23	18/12/23	88,12	-----
Carballo Acuña Alberto	202300175328	1320.2120000	1.000,00	125,90	02/10/23	29/12/23	02/01/24	874,1	----
Fernández Fernández Paz	12024000051124	2310.7800000	6.000,00	5.892,70	22/03/24	10/05/24	22/06/24	107,30	-----
Fernández Fernández Paz	12024000079695	2310.4810000	2.500,00	2.500,00	30/04/24	10/05/24	30/07/24	-----	-----
Fernández Fernández Paz	202300226614	2310.4800000	141.500,00	141.200,00	27/12/23	29/12/23	27/03/24	300	-----
Gallego Santos Ruth M.	1202400005588 (5288)	1532.2250100	600,00	274,60	18/01/24	19/04/24	18/04/24	325,40	-----
Gallego Santos Ruth M.	1202400005589 (5289)	1532.2312000	300,00	32,90	18/01/24	22/04/24	18/04/24	267,10	-----
García Álvarez Luis	1202400005590 (6094)	2311.4800000	4.000,00	3.960,00	18/01/24	10/04/24	18/04/24	40	-----
García Álvarez Luis	12024000043550 (42819)	9310.1620000	120,00	120,00	01/03/24	24/05/24	01/06/24	-----	-----
García Álvarez Luis	12024000072813	3371.2250000	263,45	263,45	12/04/24	03/05/24	12/07/24	-----	-----
González Domínguez Luz	12024000042742 (42036)	9200.2219902	500,00	100,10	22/02/24	27/05/24	22/05/24	399,9	-----
González Domínguez Luz	12024000040049 (8902)	9200.2312000	100,00	60,00	06/02/24	09/05/24	06/05/24	40	----
Núñez-Torrón López Jesús	1202400005578 (3712)	2310.4800000	300.000,00	299.371,59	10/01/24	06/05/24	10/04/24	628,41	-----
Núñez-Torrón López Jesús	12024000051593	2310.4810000	535.000,00	480.655,78	02/04/24	14/05/24	02/07/24	54344,22	-----
Vega Andión Oscar M.	1202400005577 (3699)	9201.2260300	621,69	621,69	10/01/24	14/02/24	10/04/24	----	----



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

Vega Andión Oscar M.	12024000005591 (7707)	9200.2200002	200,00	175,82	30/01/24	14/02/24	30/04/24	24,18	----
Vega Andión Oscar M.	12024000005592 (7711)	9340.1620000	570,00	570,00	30/01/24	02/05/24	30/04/24	-----	-----
Vega Andión Oscar M.	12024000049750	9200.2200002	500,00	494,64	14/03/24	21/05/24	14/06/24	5,36	-----
Vieites Alén M. Dolores	12024000040051 (9371)	9320.1620000	750,00	750,00	09/02/24	06/05/24	09/05/24	-----	-----
Vituro Gómez Marcos	12024000040050 (8903)	9201.2260300	3.000,00	2.880,02	07/02/24	17/04/24	07/05/24	119,98	-----
Vivero Mijares Antonio	12024000005768 (3715)	4310.2269901	9.720,00	7.070,00	10/01/24	19/03/24	10/04/24	2.650,00	----
TOTAL			1.021.145,14	953.772,78				67.412,66	40,30

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
A conta xustificativa 202300168978 de Carballo Acuña Alberto non se rendiu no prazo legalmente establecido.	✓	
As contas xustificativas n.º 5562 e 5563 de Abalde Comesaña Raquel, 5579, 5580, 5582, 5586, 5587 de Carballo Acuña Alberto, 5588 e 5589 de Gallego Santos Ruth M ^a , 42742 e 40049 de González Domínguez Luz, 5578 de Núñez-Torrón López Jesús e 5592 de Vega Andión Oscar M. non puideron rendirse nos prazos legalmente establecidos por causas imputables á implantación da novo aplicativo de contabilidade.		
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acreditáse a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobranete.	✓	

Resultado da fiscalización

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
------------------------	-------------------------	---------------------------

	<p>A conta xustificativa 202300168978 de Carballo Acuña Alberto non se rendiu no prazo legalmente establecido.</p> <p>As contas xustificativas n.º 5562 e 5563 de Abalde Comesaña Raquel, 5579, 5580, 5582, 5586, 5587 de Carballo Acuña Alberto, 5588 e 5589 de Gallego Santos Ruth M^a, 42742 e 40049 de González Domínguez Luz, 5578 de Núñez-Torrón López Jesús e 5592 de Vega Andión Oscar M. non puideron rendirse nos prazos legalmente establecidos por causas imputables á implantación da novo aplicativo de contabilidade.</p>	
--	---	--

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

PROPOSTA

A Base 23 das Bases de Execución do Orzamento Xeral do ano 2024 indica que as contas xustificativas rendidas polos seus perceptores deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno Local, polo que se propón a este órgano a aprobación das seguintes:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe li-brado	Importe xustifica-do	Data de paga-mento	Data Real xustifica-ción	Data le-gal de xustifi-cación	Reinte-gro	S/ a favor
Abalde Comesaña Raquel	12024000005562 (3127)	9120.2260100	1.500,00	1.421,20	05/01/24	23/04/24	05/04/24	78,80	-----
Abalde Comesaña Raquel	12024000005563 (3128)	9120.2310000	500,00	410,44	05/01/24	25/04/24	05/04/24	89,56	
Abalde Comesaña Raquel	12024000005564 (3129)	9120.2200100	800,00	840,30	05/01/24	04/04/24	05/04/24	----	40,30
Abalde Comesaña Raquel	12024000005565 (3130)	9120.2269900	500,00	366,51	05/01/24	04/04/24	05/04/24	133,49	----
Abalde Comesaña Raquel	12024000005566 (3131)	9120.2300000	500,00	98,95	05/01/24	04/04/24	05/04/24	401,05	----
Carballo Acuña Alberto	12024000005579 (3716)	1320.2269900	1.000,00	391,10	10/01/24	12/04/24	10/04/24	608,90	----
Carballo Acuña Alberto	12024000005580 (3717)	1320.2312000	200,00	23,00	10/01/24	16/04/24	10/04/24	177,00	----
Carballo Acuña Alberto	12024000005581 (3718)	1320.2200000	200,00	135,60	10/01/24	19/03/24	10/04/24	64,40	----
Carballo Acuña Alberto	12024000005582 (3719)	1320.2219900	1.000,00	430,02	10/01/24	22/04/24	10/04/24	569,98	----
Carballo Acuña Alberto	12024000005583 (3720)	1320.2120000	1.000,00	57,86	10/01/24	09/04/24	10/04/24	942,14	----
Carballo Acuña Alberto	12024000005584 (3721)	1320.2140000	1.000,00	----	10/01/24	13/03/24	10/04/24	1.000,00	----



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

Carballo Acuña Alberto	1202400005585 (3722)	1320.2190000	500,00	275,00	10/01/24	14/03/24	10/04/24	225,00	----
Carballo Acuña Alberto	1202400005586 (3723)	1320.2250200	3.000,00	1.420,18	10/01/24	17/04/24	10/04/24	1.579,82	----
Carballo Acuña Alberto	1242000005587 (3724)	1320.2230000	2.000,00	671,55	10/01/24	12/04/24	10/04/24	1.328,45	----
Carballo Acuña Alberto	202300168978	1320.2200000	200,00	111,88	18/09/23	28/12/23	18/12/23	88,12	-----
Carballo Acuña Alberto	202300175328	1320.2120000	1.000,00	125,90	02/10/23	29/12/23	02/01/24	874,1	----
Fernández Fernández Paz	12024000051124	2310.7800000	6.000,00	5.892,70	22/03/24	10/05/24	22/06/24	107,30	-----
Fernández Fernández Paz	12024000079695	2310.4810000	2.500,00	2.500,00	30/04/24	10/05/24	30/07/24	-----	-----
Fernández Fernández Paz	202300226614	2310.4800000	141.500,00	141.200,00	27/12/23	29/12/23	27/03/24	300	-----
Gallego Santos Ruth M.	1202400005588 (5288)	1532.2250100	600,00	274,60	18/01/24	19/04/24	18/04/24	325,40	-----
Gallego Santos Ruth M.	1202400005589 (5289)	1532.2312000	300,00	32,90	18/01/24	22/04/24	18/04/24	267,10	-----
García Alvarez Luis	1202400005590 (6094)	2311.4800000	4.000,00	3.960,00	18/01/24	10/04/24	18/04/24	40	-----
García Alvarez Luis	12024000043550 (42819)	9310.1620000	120,00	120,00	01/03/24	24/05/24	01/06/24	-----	-----
García Álvarez Luis	12024000072813	3371.2250000	263,45	263,45	12/04/24	03/05/24	12/07/24	-----	-----
González Domínguez Luz	12024000042742 (42036)	9200.2219902	500,00	100,10	22/02/24	27/05/24	22/05/24	399,9	-----
González Domínguez Luz	12024000040049 (8902)	9200.2312000	100,00	60,00	06/02/24	09/05/24	06/05/24	40	----
Núñez-Torrón López Jesús	1202400005578 (3712)	2310.4800000	300.000,00	299.371,59	10/01/24	06/05/24	10/04/24	628,41	-----
Núñez-Torrón López Jesús	12024000051593	2310.4810000	535.000,00	480.655,78	02/04/24	14/05/24	02/07/24	54344,22	-----
Vega Andión Oscar M.	1202400005577 (3699)	9201.2260300	621,69	621,69	10/01/24	14/02/24	10/04/24	----	----
Vega Andión Oscar M.	1202400005591 (7707)	9200.2200002	200,00	175,82	30/01/24	14/02/24	30/04/24	24,18	----
Vega Andión Oscar M.	1202400005592 (7711)	9340.1620000	570,00	570,00	30/01/24	02/05/24	30/04/24	-----	-----
Vega Andión Oscar M.	12024000049750	9200.2200002	500,00	494,64	14/03/24	21/05/24	14/06/24	5,36	-----
Vieites Alén M. Dolores	12024000040051 (9371)	9320.1620000	750,00	750,00	09/02/24	06/05/24	09/05/24	-----	-----

Vituro Gómez Marcos	12024000040050 (8903)	9201.2260300	3.000,00	2.880,02	07/02/24	17/04/24	07/05/24	119,98	-----
Vivero Mijares Antonio	12024000005768 (3715)	4310.2269901	9.720,00	7.070,00	10/01/24	19/03/24	10/04/24	2.650,00	----
TOTAL			1.021.145,14	953.772,78				67.412,66	40,30

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(562).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REPARACIÓN DA FLOTA DE VEHÍCULOS DO CONCELLO DE VIGO, INCLUÍDO O SUBMINISTRO DOS REPOSTOS NECESARIOS PARA AS REPARACIÓN (LOTE 1: CAMIÓN - LOTE 2: MOTOCICLETAS). EXPTE. 16270/445.

Visto o informe xurídico do 26/06/2024 e complementario do 15/07/2024, e o informe de fiscalización do 15/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 12/07/2024, asinado pola técnica de xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais, o concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 30.04.2020, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a MOTOS ÁNGEL LEIROS S.L. (C.I.F. B 366337593) o contrato do servizo de reparación da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios -Lote 1: camiões, buses e maquinaria- (Expte. 13218-445). Dito contrato foi formalizado en data 25.05.2020, contemplando un prazo de duración de dous anos e a posibilidade de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

II.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 30.04.2020, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a TALLERES GARCIA BARREIRO S.L. (C.I.F. B36781730) o contrato do servizo de reparación da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios -Lote 2: motocicletas-, (Expte 13.218-445). Dito contrato foi formalizado en data 01.06.2020, contemplando un prazo de duración de dous anos e a posibilidade de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

III.- En datas 21 de abril de 2022 e 25 de maio de 2023, a Xunta de Goberno Local aprobou sendas prórrogas do contrato do Servizo de reparación da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios -Lote 1 e Lote 2 , por un prazo dun ano de duración cada unha delas, en favor das empresas adxudicatarias.

IV.- Os referidos contratos remataron o pasado 25 de maio de 2024 (Lote 1) e o 1 de xuño do 2024 (Lote 2), motivo polo cal resulta necesario proceder á preparación dunha nova contratación do Servizo de reparación da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios Lote 1: camiões, buses e maquinaria- e Lote 2: motocicletas.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

V.-Defínense con precisión no informe de necesidade as necesidades que pretenden cubrirse por medio do contrato para o cumprimento e realización dos fins institucionais. Constitúe o obxecto do contrato a realización do servizo de reparacións dos vehículos do parque automobilístico municipal, incluíndo o subministro dos repostos, pezas e demais elementos necesarios para a realización de ditas reparacións e mantemento dos mesmos. Estes traballos serán de aplicación os vehículos pertencentes o parque móbil municipal formados polo grupo de vehículos pesados de mais de 3500 kg, dende camións ata vehículos industriais e polo grupo de motocicletas.

VI.- En base ao referido Informe que xustifica adecuadamente a necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos no uso das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Disposición adicional 2a.4 da LCSP, Decreto de Delegación de Alcaldía de datas 19, 20 e 28 de xuño de 2023, e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de xuño de 2023), acordou o inicio da contratación mediante Decreto de data 21 de febreiro de 2024.

VII.- No expediente inclúese a seguinte documentación:

a).- Informe de necesidade e idoneidade da contratación asinado en data 21 de febreiro de 2024 pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos, e polo Xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas.

b).- Decreto do Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, de data 21 de febreiro de 2024 acordando o inicio do expediente de contratación.

c) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 7 de marzo de 2024.

d) Certificados de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 18 de marzo de 2024.

e).- Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos en data 19 de xuño de 2024 e conformado polo Xefe da Área de Servizos xerais en data 20 de xuño de 2024.

f).- Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP, en cumprimento do artigo 116.4.e) LCSP asinada polo servizo xestor en datas 19 e 20 de xuño de 2024.

g).- Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 20 de xuño de 2024.

h).-Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 8 de xullo de 2024.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o contrato.

Terceiro.- De conformidade co artigo 116 LCSP, o contrato foi iniciado polo órgano de contratación motivando a necesidade segundo o establecido no artigo 28 do texto legal.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato segundo o artigo 28 e 116.4 LCSP; a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custos laborais (artigo 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145 LCSP); a súa división en lotes (artigo 116.4.g LCSP); así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); a elección do procedemento aberto segundo o establecido no artigo 156 LCSP e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP), así como o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 22 LCSP.

Quinto.- Consta na memoria xustificativa da contratación elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos no artigo 7.3 da L.O. 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do Concello.

Sexto.- É preceptiva a previa aprobación do expediente o informe da titular da asesoría xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP e Disposición Adicional 8ª.e) da Lei 7/85 de 2 abril de Bases de Réxime Local; así como a incorporación do certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Sétimo.- A aprobación do expediente de contratación de conformidade coa Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP, correspóndelle á Xunta de Goberno Local nos Municipios de Gran Poboación na súa calidade de órgano de contratación.

Polo exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, documento contable e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a contratación do “SERVIZO DE REPARACIÓNS DA FLOTA DE VEHÍCULOS DO CONCELLO DE VIGO, INCLUÍDO O SUBMINISTRO DOS REPOSTOS NECESARIOS PARA AS REPARACIÓNS (LOTE 1: CAMIÓNS E MAQUINARIA E LOTE 2: MOTOCICLETAS) “.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares asinado polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos en data 19 de xuño de 2024 e conformado polo Xefe da Área de Servizos xerais en data 20 de xuño de 2024.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, asinado polo Xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 8 de xullo de 2024

Cuarto- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “CATROCENTOS MIL EUROS” (400.000,00 €), sendo a partida correspondente ao IVE de 69.421,49 €.

Por ter o financiamento carácter de gasto plurianual aplicarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e segundo a seguinte distribución por anualidades:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

		2024	2025	2026
LOTE N°1	214.00.00	45.000,00 €	115.000,00 €	70.000,00 €
	221.11.00	10.000,00 €	25.000,00 €	15.000,00 €
LOTE N°2	214.00.00	20.000,00 €	55.000,00 €	35.000,00 €
	221.11.00	2.000,00 €	5.000,00 €	3.000,00 €
	TOTAL	77.000,00 €	200.000,00 €	123.000,00 €

Quinto.- Abrir o procedemento de adxudicación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(563).- PROXECTO DE CONVENIO COA ENTIDADE "SAÚDE MENTAL FEAFES GALICIA", PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUEIRO DO LOCAL SOCIAL. EXPTE. 11703/320.

Visto o informe de fiscalización do 10/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de administración xeral, e conformado polo concelleiro-delegado, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 23/02/2024, Don José Ramón Girón García (DNI: 3321****), en calidade de presidente da entidade "Saúde Mental FEAFES Galicia" (CIF: G15545353), achegou escritos (doc. 240068162 e 240068192) solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para darlle continuidade a oferta de actividades programadas pola entidade para o 2024, entre os meses de outubro de 2023 a setembro 2024, mediante unha axuda económica no financiamento dos gastos de mantemento e alugueiro do local social. Ademais o 12/06/2024 se realiza unha nova achega (doc. 240174508) en relación co requirimento realizado polo Concello de Vigo, e o 13/06/2024 outra achega (doc. 240175670) subsanando un erro nun dos anexos presentados.

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, Don José Ramón Girón García, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. "Saúde Mental FEAFES Galicia" , seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
- Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 31/05/2024.
- Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 30/05/2024
- Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 31/05/2024.
- Certificado do Concello de Vigo, de data 03/06/2024.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTO DA ENTIDADE (01/10/23 - 30/09/24)	
Aluguer local	6.991,38 €
TOTAL	6.991,38 €

ORZAMENTO DE INGRESOS (01/10/2023 - 30/09/2024)	
Concello de Vigo	5.000,00 €
Aportación de fondos propios	1.991,38 €
TOTAL	6.991,38 €

8. Contrato de alugueiro.
9. Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e xustificantes bancarios acreditativos da súa vixencia.
10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:
 - a) Fundamentación, obxectivos e metas



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a Entidade Saúde Mental FEAFES Galicia, está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 479/96, segundo resolución de data 29/07/1996.

V. O vixente exercicio orzamentario (2024) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 27/12/2024, inclúe expresamente a partida 9240 4800007 “*Convenio Saúde Mental FEAFES Galicia*”, cunha dotación orzamentaria de 5.000,00 €.

VI. En data 30/05/2024 o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos, e o concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais asinaron a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 03/06/2024 do adxunto ao tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A técnica de Administración Xeral do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á entidade Saúde Mental FEAFES Galicia (G15545353), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de mantemento e alugueiro do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola asociación dende outubro de 2023 ata setembro de 2024.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa “Saúde Mental FEAFES Galicia”.

Segundo recolle o art. 6 dos Estatutos de Saúde Mental FEAFES Galicia, entre os fins, de interese para a cidadanía viguesa, encóntranse:

- ✓ Defender os intereses e intervir na resolución dos problemas deste colectivos.
- ✓ Esixir a adecuada atención sanitaria e social das persoas con problemas de saúde mental e os seus familiares, a favor da rehabilitación, reinserción social e integración laboral.
- ✓ Promover a sensibilización e mentalización social cara este colectivo, chamando a atención sobre a marxinación e discriminación que existe nos aspectos sanitarios, sociais e laborais, reforzando o principio de solidariedade entre as asociacións e a sociedade.

- ✓ Promover e coordinar as demandas e propostas do colectivo representado ante os organismos oficiais pertinentes, defendendo os seus lexítimos dereitos, mediante a súa participación nos órganos planificadores e lexisladores en materia de saúde mental e servizos sociais, recabando do poderes públicos e doutras entidades leis e programas que favorezan os intereses do colectivo.
- ✓ Unificar e coordinar accións para a creación dunha forza integral para a defensa dos seus obxectivos.
- ✓ Esixir a creación de servizos alternativos á hospitalización e o establecemento de sistemas alternativos e substitutivos á familia.
- ✓ Proporcionar información constante e eficaz co fin de agrupar e crear un foro común de todo o colectivo.
- ✓ Promover a información e o intercambio de experiencias entre as asociacións federadas.
- ✓ Estimular a investigación sobre as enfermidades mentais e a prevención das mesmas.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio a Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas (Resolución da Alcaldía de data 28/06/2024).

Doutra parte, asinará o convenio Don José Ramón Girón García, con DNI 3321*****, en calidade de Presidente da entidade Saúde Mental FEAFES Galicia (CIF : G15545353), con domicilio social na Rúa Aragón, 147 Baixo, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 11703/320.

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o dis-



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

posto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coas demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

- o No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2024), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2023 e o 30 de setembro de 2024, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O vixente exercicio orzamentario (2024) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 27/12/2023, inclúe expresamente a partida 9240 4800007 “*Convenio Saúde Mental FEAFES Galicia*”, cunha dotación orzamentaria de 5.000,00 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á entidade “*Saúde Mental FEAFES Galicia*” son gastos de alugueiro e mantemento do local social.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. ANTICIPO

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELEC-TRÓNICA



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38^a.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2024), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/23 e o 30/09/24, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2024**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicitase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VIII. PUBLICIDADE

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e as resolucións de delegacións de competencias do Alcalde de data 28/06/2024, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta da Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

X. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas por Resolución de Alcaldía de data 28/06/2024 apartado Primeiro d), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 5.000,00 € (cinco mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4800007 denominada "*Convenio Saúde Mental FEAFES Galicia*", incluída no vixente orzamento municipal de 2024.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade "*Saúde Mental FEAFES Galicia*" (CIF.- G15545353)", cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade a realizar entre os meses de outubro de 2023 e setembro de 2024, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e alugueiro necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 5.000,00 € (cinco mil euros).

TERCEIRO. - Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E SAÚDE MENTAL FEAFES GALICIA PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL ENTRE OS MESES DE OUTUBRO DE 2023 A SETEMBRO DE 2024, NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Ana María Mejías Sacaluga na súa calidade de concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. José Ramón Girón García, con DNI 3321*****, en calidade de presidente de *Saúde Mental FEAFES Galicia* (CIF: G15545353), con domicilio fiscal en Rúa Belgrado, núm. 1 de Santiago de Compostela (A Coruña) e delegación en Vigo, na Rúa Aragón, 147 Baixo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 11703/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, sanitarias, culturais, artísticas educativas, etc. inflúen entre apoio, detectando,

propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociosanitario que redundan en beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de defensa do colectivo de persoas con problemas de saúde mental, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas á defensa e atención sanitaria e social destas persoas e dos seus familiares, sendo, Saúde Mental FEAFES Galicia unha das máis importantes entidades que perseguen estes obxectivos.

III.- Que, de conformidade co art. 6 dos seus Estatutos, a entidade “Saúde Mental FEAFES Galicia”, ten, en xeral, como finalidade, a adopción de medidas que contribúan á mellora da calidade de vida das persoas con problemas de saúde mental e a dos seus familiares, contemplando entre os seus fins concretos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Defender os intereses e intervir na resolución dos problemas deste colectivo.
- ✓ Esixir a adecuada atencións sanitaria e social das persoas con problemas de saúde mental e os seus familiares, a favor da rehabilitación, reinserción social e integración laboral.
- ✓ Promover a sensibilización e mentalización social cara este colectivo, chamando a atención sobre a marxinação e discriminación que existe nos aspectos sanitarios, sociais e laborais, reforzando o principio de solidariedade entre as asociacións e a sociedade.
- ✓ Promover e coordinar as demandas e propostas do colectivo representado ante os organismos oficiais pertinentes, defendendo os seus lexítimos dereitos, mediante a súa participación nos órganos planificadores e lexisladores en materia de saúde mental e servizos sociais, recabando dos poderes públicos e doutras entidades leis e programas que favorezan os intereses do colectivo.
- ✓ Unificar e coordinar accións para a creación dunha forza integral para a defensa dos seus obxectivos.
- ✓ Esixir a creación de servizos alternativos á hospitalización e o establecemento de sistemas alternativos e substitutivos á familia.
- ✓ Proporcionar información constante e eficaz co fin de agrupar e crear un foro común de todo o colectivo.
- ✓ Promover a información e o intercambio de experiencias entre as asociacións federadas.
- ✓ Estimular a investigación sobre as enfermidades mentais e a prevención das mesmas.

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, *Saúde Mental FEAFES Galicia* atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 479/96 no epígrafe 1.2.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a entidade *Saúde Mental FEAFES Galicia* leve a cabo os proxectos e actividades sociosanitarias planificadas, axudando economicamente ao financiamento dos gastos alugueiro do seu local social entre os meses de outubro de 2023 ata setembro de 2024, situado na Rúa Aragón, 147 Baixo, necesarios para o seu desenvolvemento.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal (2024), a partida orzamentaria nº 9240 4800007, denominada “*Convenio Saúde Mental FEAFES Galicia*” nominativa a favor da entidade, cunha consignación presupostaria de 5.000,00 €.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da federación, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de mantemento e alugueiro do seu local social entre outubro de 2023 ata setembro de 2024, situado na Rúa Aragón 147 Baixo, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programados para este ano, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos, e o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE ALUGUEIRO E MANTEMENTO (01/10/23 - 30/09/24)	
Aluguer local	6,991,38 €
TOTAL	6,991,38 €

VIII.- Que a entidade *Saúde Mental FEAFES Galicia* non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

IX.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese público, social, sanitario, cultural, formativo, informativo, reivindicativo... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade *Saúde Mental FEAFES Galicia*, o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito sociosanitario, asistencial, formativo, informativo e reivindicativo, dirixidas a adopción de medidas que contribúan á mellora da calidade de vida das persoas con problemas de saúde mental e a dos seus familiares, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade *Saúde Mental FEAFES Galicia* comprométese a colaborar coa concellaría de Participación Cidadá, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.
6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar tanta información e documentación se lle solicite ao efecto.
8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
9. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade *Saúde Mental FEAFES Galicia* unha subvención por importe de 5.000,00 € (cinco mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4800007, denominada "*Convenio Saúde Mental FEAFES Galicia*", do vixente orzamento municipal (2024), co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos de mantemento e alugueiro do seu local social entre os meses de outubro de 2023 ata setembro de 2024, situado na Rúa Aragón, 147 Baixo, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade para este ano, en definitiva, para o fomento das mesmas.
2. Respetar a estrutura organizativa de *Saúde Mental FEAFES Galicia*.
3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.
2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.
3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.
4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando alomenos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente refrendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións con *Saúde Mental FEAFES Galicia*.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade e locais onde se desenvolvan as actividades, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación dende outubro de 2023 ata setembro de 2024.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase por *Saúde Mental FEAFES Galicia*, mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2024**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas dixitalmente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica**.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterà a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención asinada electronicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas asinada electronicamente xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso e horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica asinada electronicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificadas e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada xustificarse con copias dixitalizadas asinadas electronicamente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electronicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. **Para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria.** Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de alugueiro, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento

- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado ou, no seu caso, recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada electrónicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) No caso de solicitar un anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Participación Cidadá, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES47 2080 03 4833 3040010551 (ABANCA).

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen, no período comprendido entre o 01/10/23 e o 30/09/24.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Participación Cidadá. A xefatura do servizo de Participación Cidadá ou a



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

persoa que a substitúa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e desprejará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2024),

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

14(564).- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE ADHESIÓN A REDE DIXITAL DE EMERXENCIAS E SEGURIDADE DE GALICIA. EXPTE. 18/2156.

Visto o informe de fiscalización do 01/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 28/06/2024, asinado polo xefe da Área de Seguridade e Mobilidade, e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Antecedentes.-

I. O Concello de Vigo firmou coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica da Xunta de Galicia, un Acordo polo que se aprobaba o procedemento e os modelos de adhesión das entidades locais á Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia. **(Número de expediente 44940/212)**

II. Este Acordo firmouse por ámbalas dúas parte o día 25 de setembro de 2015, nos que acordábase a cesión e uso de 6 terminais fixos, 177 terminais portátiles e 42 terminais móbiles entrando en funcionamento na rede o día 1 de decembro de 2015 e por un período de 10 anos (cláusula quinta do expediente 44940/212).

III. Os terminais foron repartidos entre os servizos municipais encargados de intervir en actuacións de seguridade pública e emerxencias sendo o de Policía Local, Bombeiros e Protección Civil.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

IV. O día 15 de febreiro de 2024 o Xefe do servizo de Extinción de Incendios D. Guillermo Domínguez López solicita mediante documento nº240059564 unha ampliación do número de terminais dos que dispón para o servizo e o día 19 de marzo de 2024 o Intendente Xefe do Corpo da Policía Local coa conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación Festas e Xestión Municipal solicitou e xustificou a necesidade de ampliación do número de terminais para o servizo de policía.

Destas solicitudes presentadas despréndese os seguintes datos:

	Terminais Fixos	Terminais portátil	Terminais (vehículos) móbil
Bombeiros	0	12	3
Policía Local	2	30	3

Consideracións Legais.-

Primeiro.- O Acordo de adhesión ten natureza administrativa, e como tal está excluído do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de Contratos do sector públicos.

Segundo.- Para atender o incremento de gasto derivado da modificación do Acordo de adhesión, existe crédito adecuado e suficiente no nivel de vinculación xurídica da aplicación 13202279902.

Terceiro.- A competencia para a aprobar a modificación do presente acordo de adhesión a Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia é da Xunta de Goberno Local, de conformidade co previsto no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local.

En mérito de canto antecede, e previa fiscalización por parte da intervención, o funcionario que subscribe ven en propoñer a Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal que eleve á Xunta de Goberno Local a Seguinte proposta de,

Acordo:

1º Aprobar a modificación do acordo de adhesión firmado o 25 de setembro de 2015 á Rede de Emerxencias de Galicia ampliando nun total de 50 equipos de comunicacións que serán asignados aos servizos de Policía Local e Bombeiros.

	Terminais Fixos	Terminais portátil	Terminais (vehículos) móbil
Bombeiros	0	12	3
Policía Local	2	30	3

2º. Achégase, como Anexo I, a modificación do Acordo de adhesión.

3º. Aprobar e dispoñer a favor de RETEGAL SA, o incremento anual do gasto na contratación do servizo de conexión a Rede de Emerxencias de Galicia para un total de 50 equipos de comunicación , nun total de 24.952 euros (ive engadido), correspondendo para a anualidade do ano 2024, a parte proporcional a 6 meses, que son 12.476 euros, quedando por trimestre 6.238 euros (ive engadido).

4º. O custo total anual do servizo de adhesión ascende a un total de 137.236,00 € anuais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(565).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO DE DIRECTORA DE INGRESOS E XESTIÓN CATASTRAL DELEGADA. EXPTE. 1669/1102.

Visto o informe de fiscalización do 12/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/07/2024, asinado pola Secretaria de Goberno local, e conformado pola concelleira-delegada e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- En data 3 de maio de 2024 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as bases reguladoras para a provisión do posto de traballo de Director/a de Ingresos e Xestión Catastral Delegada adscrito a Dirección de Ingresos mediante o sistema de libre designación e a súa convocatoria.

2.- Trala publicación das bases no BOP núm 94 data 14.05.2024, extracto de anuncio do DOG núm.108 de data 5.06.2024, publicouse no BOE núm. 145 de data 15.06.2024 a convocatoria de provisión do posto e apertura do prazo de presentación de instancias que rematou o día 5.07.2024.

3.- Durante o prazo de presentación de instancias e segundo consta no expediente 1669-1102 presentouse a seguinte solicitude:

ASPIRANTE

DNI

MARIA CARMEN PAZOS AREA

***1017**

4.- En data 8.07.2024, trala verificación do cumprimento dos requisitos por parte da aspirante, solicitouse a Concellería delegada de Área de Goberno de Orzamentos e Facenda a emisión de proposta/informe de idoneidade consonte o disposto no artigo 27.1 do Decreto 151/2022, do 4 de agosto.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

5.- En data 10.07.2024 o Tesoureiro Director Superior Contable e Orzamentario coa conformidade do Concellería delegada de Área de Goberno de Orzamentos e Facenda emitiu informe/proposta.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A normativa aplicable en materia de provisión do postos de traballos nas entidades locais ven determinada polo TREBEP ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal á lexislación autonómica sobre función pública que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018). Concretamente o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerese polas normas que, no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración do Estado. E o artigo 101 da LRBRL remite en materia de provisión as normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas do estatuto básico del empregado público.

E por isto que o réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa

- a)** Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente o estatuto básico do empregado público aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP), Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e Texto Refundido de Réxime Local (LRBRL) (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos).
- b)** Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEGAL-). e o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional promoción interna, en aquilo que resulte aplicable, vixente en virtude do apartado 2 da disposición derogatoria primeira da Lei 2/2015) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.
- c)** Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais. Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RGI, de aplicación supletoria no eido local) e Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado

- d)** Regulamentos e ordenanzas locais.
- e)** Acordos e pactos reguladores das condicións de traballo dos funcionarios (Acordo regulador de condicións económicas e sociais funcionarios do Concello de Vigo e Convenio colectivos dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo aprobado polo pleno en sesión de data 28.12.1998)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeiro.- Do postos de traballo obxecto de provisión

O posto de traballo convocado, Director/a de Ingresos e Xestión Catastral Delegada atópase recollido na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo publicada no BOP de Pontevedra núm. 188, do 30.09.2022 e na actual RPT aprobada pola Xunta de Goberno Local en data 16.03.2023 e publicada no BOP de Pontevedra núm. 93, do 16.05.2023. Segundo a RPT o sistema de provisión do posto, actualmente, vacante, é de libre designación.

Segundo.- Da libre designación

O artigo 78 do TREBEP determina que a provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levará a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.

A libre designación é un procedemento ordinario, que require que a relación de postos de traballo, tras a correspondente motivación por ser un acto discrecional, determine os postos de traballo a proveer por dito sistema.

A libre designación do persoal funcionario de carreira, conleva a apreciación discrecional polo órgano competente da idoneidade dos candidatos en relación cos requisitos esixidos para o desempeño do posto. Concretamente o artigo 27.1 do Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico determina “*Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, que non poderá ser inferior a quince días hábiles, o órgano convocante, por proposta/informe da persoa titular do centro directivo a que estea adscrito o posto convocado, poderá, de forma discrecional:*

a) Adxudicar o posto a calquera das persoas funcionarias de carreira solicitantes, sempre que reúnan os requisitos esixidos para o seu desempeño,

b) ou declarar deserta a convocatoria, por considerar que ningunha das persoas candidatas reúne as características adecuadas para o posto de traballo ou non reúne a idoneidade necesaria para o seu desempeño, ou se non se presentase ningunha solicitude.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

O órgano competente para a adxudicación dos postos poderá solicitar a intervención de especialistas que permitan apreciar a idoneidade das persoas candidatas”.

Terceiro.- Idoneidade dos candidatos

Consta no expediente informe de data 10.07.2024 emitido polo Tesoureiro Director Superior Contable e Orzamentario coa conformidade do Concellería delegada de Área de Goberno de Orzamentos e Facenda do que resulta

“ En relación coa idoneidade da/os candidatos aspirantes

A BASE Quinta das Bases da convocatoria, establece en relación a idoneidade a importancia na formación dos aspirantes de determinadas materias relacionadas directamente coa planificaciónl extratéxica, liderado de equipas de traballo, de comunicación e relacións sociais, o coñecemento na xestión catastral, xa que neste caso, o Concello de Vigo, mediante convenio de colaboración coa Dirección Xeral do Catastro, ten delegada a xestión catastral (artigo 77.8 do TRLRFL).

En concreto, a precitada BASE, regula unha determinada formación para a valoración da idoneidade:

Valorarase a idoneidade para o desempeño do posto convocado conforme os méritos alegados e acreditados documentalmente así como o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria, podendo quedar deserta a convocatoria se ningunha das persoas candidatas reúne a idoneidade para o desempeño do posto, a xuízo do órgano competente para resolver.

Tendo en conta que a Área de Dirección de ingresos ten ao seu cargo 39 prazas, será de gran importancia unha formación dos candidatos en Dirección Pública para a xestión de equipos e liderado, así como un coñecemento básico na planificación estratéxica.

É un Área que ten o servizo de portelo, de relación directa cos cidadás, neste caso cos contribuíntes, polo que, resultaría de gran valor, que os candidatos teñan coñecemento das relacións coa cidadanía e dos seus dereitos fundamentais.

Terá unha especial valoración, o coñecemento dos aspirantes en materias relacionadas co dereito tributario e a inspección.

Como o Posto tamén abarca a Xestión Catastral Delegada, terase en consideración a formación que teñan os aspirantes en relación co Catastro e a xestión catastral delegada.

No currículo presentado e na acreditación e xustificación documental, verifícanse os aspectos máis salientables para valorar a idoneidade, xa que a titulación requirida, xa foi acreditada no informe da Sra. Secretaria do Goberno Local:

Experiencia profesional

Funcionaria de carreira do Concello de Vigo, escala de Administración Xeral, subescala técnica, Grupo A, Subgrupo A1, con prestación de servizos de xeito ininterrompido dende o 01/10/2007.

- Técnica de Administración Xeral (Subgrupo A1), adscrita ao servizo de Dirección de Ingresos ata o 31/12/2009.
- Técnica de Administración Xeral (Subgrupo A1), adscrita ao servizo de Dirección de Ingresos, no posto de Adxunta Xurídica Dirección Ingresos ata o 12/02/2013.
- Técnica de Administración Xeral (Subgrupo A1), adscrita ao servizo de Dirección de Ingresos, no posto de xefa do servizo de Inspección de Tributos ata o 05/06/2024.
- Técnica de Administración Xeral (Subgrupo A1), adscrita ao servizo de Dirección de Ingresos, no posto de Directora Ingresos e Xestión Catastral Delegada en comisión de servizos (do 06/06/2024 ata a actualidade).
- Desenvolvemento de funcións de Letrada Municipal no Concello de Vigo en procedementos contencioso-administrativos de contido tributario dende 2009.
- Funcionaria de carreira do Concello de Pontevedra, actualmente en excedencia voluntaria por prestación de servizos no sector público, con servizos prestados dende o 01/01/2004 ao 30/09/2007.

Acreditación académica

- Título de Licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela.
- Diploma de Estudios Avanzados (DEA) da Universidade de Vigo .
- Título do Master en Liderado e Dirección Pública. Universidade Internacional Menéndez Pelayo.
- Título de Master en Cidadanía e Dereitos Fundamentais. UNED .
- Diploma de especialización en “Cidadanía y derechos personales; derecho a la vida, libertad ideológica y religiosa, derecho al honor, libertad de expresión y derechos educativos”. Universidad Nacional a Distancia (UNED) .
- Diploma de experta universitaria en “Igualdad y no discriminación. Género y ciudadanía”. Universidad Nacional a Distancia (UNED) .
- Diploma de experta universitaria en “Libertades informativas, honor, intimidad y propia imagen” (UNED) .



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

Formación complementaria especializada

En relación coa formación complementaria especializada relacionada co posto de traballo, as bases da convocatoria, regulan as funcións específicas do posto:

Propoñer ao Pleno do Concello, con periodicidade anual, a normativa fiscal do Concello e dos seus Organismo Autónomos, así como da empresa concesionaria do servizo de augas, en relación a impostos propios, taxas e prezos públicos, segundo as determinacións legais aplicables, as directrices políticas recibidas e o contexto económico e social, aplicando os principios de equidade, eficiencia e de moderación de presión fiscal indirecta en termos comparativos.

Estimar e propoñer ao Pleno do Concello, en colaboración co servizo de presupostos, a análise dos recursos propios, a súa proxección e as estimacións a incluír no proxecto do estado de ingresos do Presuposto anual correspondentes ás operacións correntes non financeiras, realizando o correspondente informe económico-financeiro, as bases de cálculo utilizadas e a xustificación das contías previstas

Propoñer a aprobación anual do Plan de Control Tributario do Concello, coa análise previa do risco fiscal, da oportunidade política e social e das prioridades dos diferentes servizos do Concello.

Liderar e promover as actuacións necesarias para moderar a presión fiscal indirecta dos cidadáns así como, na medida do posible, evitar a conflictividade fiscal.

Dirixir, en colaboración coa Xerencia Territorial do Catastro de Vigo, o Mantemento Catastral e os Servizos de Información gráfica e alfanumérica aos titulares catastrais.

Impulsar, xunto coa dirección do Servizo de Administración Electrónica, a utilización da Base de Datos Catastral gráfica e alfanumérica na xestión de todos os servizos municipais nos que as súas competencias deban localizarse territorialmente.

Promover accións de mellora conxuntas entre a Xerencia Municipal de Urbanismo, a Xerencia Territorial do Catastro e a Área de Ingresos do Concello en relación á calidade da información da Base de Datos Catastral, ao seu mantemento e a súa actualización.

Dirixir e realizar o seguimento, en colaboración co Xefe de Servizo de Administración Electrónica e os Xefes dos Servizos que se financian con taxas, da tramitación simultánea do servizo e o ingreso da taxa correspondente.

Desenvolver, en colaboración coa Axencia Estatal de Administración Tributaria de Vigo o Convenio de Intercambio de Datos de carácter fiscal e información urbanística (aprobado en sesión de plenaria de 25 de abril de 2005) tanto con finalidades fiscais como no relativo a subvencións, becas, etc.

Representar ao Concello, cando o Pleno así o determine, como vocal no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de Pontevedra.

Participar, en nome do Concello, na comisión de seguimento do Convenio de colaboración Catastral asinado entre o Concello de Vigo e o Ministerio de Economía e Facenda.

Relaciónase a formación especializada asociada directamente coas funcións do posto. Os cursos e o número de horas, están acreditados e documentados no expediente.

Formación en materia tributaria

Cursos, 294 horas de xestión tributaria, inspección e catastro inmobiliario. Entre outros: "Inspección de los tributos locales". "Catastro y Entidades Locales (IV Edición)" . "Retos públicos en materia económica". "Liquidación práctica dos tributos locais de Galicia". "Gestión, recaudación e inspección de ingresos municipales". "La inspección de los tributos locales". "Modernización de la gestión tributaria local".....

En materia de planificación estratéxica

Cursos, 101 horas. "Diagnóstico do clima organizacional. A optimización do recurso humano". "A planificación estratéxica como método de xestión pública" . "Negociación e traballo en equipo". "Habilidades directivas na Administración: calidade, creatividade e innovación". "Habilidades comunicativas para o traballo".....

En materia de protección de datos e administración electrónica

Cursos, 205 horas. "A implantación da Administración Electrónica na Administración Local" . "Protección de datos de carácter persoal nas Administracións Públicas e Transparencia: cuestións prácticas". "A innovación social no sector público". O "Certificado Dixital". "Introducción á protección de datos persoais. Regulamento Europeo 2016/679 de protección de datos". "Introducción á administración electrónica". ...

En materia de Dereito administrativo

Cursos, 364 horas. "A función consultiva do Consello Consultivo de Galicia para a Administración Local". "Elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral" . "Responsabilidade patrimonial e procedemento sancionador. Especialidades no ámbito local". o "Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas". "Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público" . "Simplificación administrativa e desburocratización no ámbito local" . "Transparencia y acceso a la información" . "Transparencia y Gobierno abierto" . "A aplicación da Lei de transparencia nas Entidades Locais". "A calidade na Administración Pública. Procesos e procedementos" . "III curso de actualidade xurídica de réxime local. A reforma dos gobernos e administracións locais" . "Responsabilidade civil, penal e administrativa dos traballadores"



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

Publicacións

El proceso de transposición de la Directiva (UE) 2019/1937 del Parlamento Europeo y del Consejo, al ordenamiento jurídico español.

“Analítica Pública”, blog especializado en Administración Dixital .

Grupos de traballo

Representante do Concello de Vigo no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de Pontevedra.

Integrante da Comisión do Plan de Transformación Integral da Administración Municipal.

Na súa formación e experiencia, ponse de manifesto e acreditada, a formación en:

Dirección Pública para a xestión de equipos e liderado, así como un coñecemento na planificación estratéxica.

Ten coñecemento das relacións coa cidadanía e dos seus dereitos fundamentais, formación indispensable pola relación directa cos cidadás tanto persoas físicas como representantes de persoas xurídicas.

Acredita un alto coñecemento en materias relacionadas co dereito tributario e a inspección.

Acredita un alto grao de coñecemento en relación co Catastro e a xestión catastral delegada.

En resume, a Área de Dirección de Ingresos e Xestión Catastral Delegada, é un Área de gran relevancia na estrutura do Concello de Vigo: i) polo volume de recursos económicos que xestiona, ii) polas relacións externas con outras administracións, iii) pola resolución xurídica dos recursos que plantexan os debedores tributarios, iv) pola formación e tramitación dos estudos económicos en relación coas ordenanzas fiscais, v) pola relación interna en relación coa materia orzamentaria, recaudatoria e da propia xestión de servizos tan importantes como é o da auga e saneamento e depuración, vi) pola relación que se mantén cos suxeitos obrigados ao pago, especialmente cos representantes das persoas xurídicas obrigadas, vii) pola formación e tramitación das ordenanzas fiscais, instrumento determinante para a imposición, liquidación e recadación dos recursos municipais.

A ASPIRANTE, Dona MARIA del CARMEN PAZOS AREA, non so reúne os requisitos requiridos nas Bases Reguladoras da Convocatoria, tamén acredita unha gran experiencia nas materias relacionadas coas funcións especializadas do Posto de Traballo, resultando una activo de gran valor para o Concello de Vigo nunha Área de gran relevancia económica como se puxo de manifesto na xustificación, por esta razón, cos criterios e requisitos

previstos nas Bases da convocatoria, resulta idónea o mesmo, polo que, fórmase ao Órgano competente, a seguinte

PROPOSTA:

*Adxudicar á aspirante Dona MARIA del CARMEN PAZOS AREA , DNI ***1017*, o posto de Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada, trala convocatoria e publicación das bases no BOP número 94 de data 14/05/2024, extracto do anuncio do DOG número 108 de data 5/06/2024, publicado no BOE número 145 de data 15/06/2024, por reunir os requisitos exixidos para o seu desempeño, así como, por ter unha ampla experiencia profesional na materia relacionada coa xestión tributaria, inspección tributaria e xestión catastral delegada, e acreditar unha profunda formación especializada na materia."*

CUARTO.- Do órgano competente

O órgano competente para adopción do acordo é a Xunta de Goberno Local conforme o disposto no artigo 127.1.h da LRBRL.

Polo exposto elévase á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da intervención Municipal, a adopción do seguinte, **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Adxudicar a Dna María de Carmen Pazos Area con DNI ***1017** o posto de Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada (referencia posto na RPT: 5000101).

SEGUNDO.- A formalización da toma de posesión realizarase conforme a cláusula sexta das bases da convocatoria.

TERCEIRO.- A resolución da convocatoria publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo

CUARTO.- Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

16(566).- ENCOMENDA DA REDACCIÓN DO PROXECTO DE MELLORA DO SANEAMENTO NA RÚA SUBIDA A RADIO FARO. EXPTE. 2034/441.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 15/07/2024, asinado polo xefe do servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro.

No devandito plan figura un apartado denominado “outros investimentos”, que deben ser concretados nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- No punto III, relativo aos “Actos administrativos a través dos que se exercitará o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

IV.- Con datas 5 e 6 de xullo de 2024 os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipal e o Xefe de Área de Servizos Xerais emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente na **MELLORA DO SANEAMENTO NA RÚA SUBIDA A RADIO FARO** O devandito informe indica o seguinte:

A rúa Subida a Radio Faro atópase na parroquia de Oia. O saneamento das vivendas existentes entre o nº 43 e ata o nº 67 recóllense nun colector que actualmente remata nunha estación de bombeo ubicada dentro da parcela do Centro Oceanográfico de Vigo, a onde chega tamén a acometida do propio centro. Dende este bombeo a auga é impulsada ata un pozo ubicado no cruce entre Subida a Radio Faro e o Camiño Pirucha.

A estación de bombeo actual atópase en mal estado, rexistrando incidencias no seu funcionamento que acaban provocando alivios cara a costa; adicionalmente, o Centro Oceanográfico de Vigo ten comunicado ao Concello que próximamente se vai proceder a demolición da planta de cultivos do Centro, eliminando o punto de subministro eléctrico ao bombeo.

A vista do anterior, resulta necesario estudar a mellor ubicación e execución dun novo bombeo e impulsión, que permita recoller as augas de Subida a Radio Faro.

Tendo en conta a situación e as circunstancias expostas, considérase que a actuación de "MELLORA DO SANEAMENTO NA SUBIDA A RADIO FARO" é unha actuación necesaria que non debe demorarse.

V.- A vista deste informe, con data 29 de xullo de 2024 o Concelleiro da Area de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente **"MELLORA DO SANEAMENTO NA RÚA SUBIDA A RADIO FARO"**

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do **"MELLORA DO SANEAMENTO NA RÚA SUBIDA A RADIO FARO"**

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(567).- REVISIÓN DAS TARIFAS EN RELACIÓN CO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZO PÚBLICO PARA A CONSTRUCIÓN E EXPLOTACIÓN DE DÚAS PISCINAS CUBERTAS NAS PARCELAS DO PERI 4 BARREIRO II E NA PRAZA CENTRAL DO POLÍGONO I DO PERI II-12 A FLORIDA B. EXPTE. 23876/333.

Visto o informe xurídico do 18/06/2024 e o informe de fiscalización do 12/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/07/2024, asinado polo xefe do servizo Administrativo e de Control Orzamentario, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

Consta no expediente presente expediente Informe-Proposta, asinado con data 04.06.24 polo xefe do servizo de deportes-director deportivo/ responsable do contrato, e coa mesma data coa conformidade do Concelleiro-delegado de Deportes, e da Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. Así mesmo con data 05.06.24 foi conformado polo Concelleiro de Orzamentos e Facenda.

En relación a citada proposta consta informe xurídico, asinado en data do 18.06.24, pola Letrada Xefa de Asesoramento e da Letrada Titular da Asesoría Xurídica Municipal, que conclúe:

“que a revisión de tarifas polo uso e actividades complementarias do contrato da xestión do servizo público con execución de obra de dúas piscinas cubertas en Barreiro e Florida que se propón se axusta as previsións do PCAP; a salvo e con remisión expresa ao que resulte da fiscalización pola Intervención Xeral”.

Así mesmo consta informe de fiscalización favorable da Intervención xeral asinado con data 12.07.24, pola Técnica de fiscalización e control financeiro, e da Interventora Adxunta, PD 05/07/2024 do Interventor Xeral, coa conclusión:

“En consecuencia, esta intervención fiscaliza de conformidade á proposta contida no expediente de referencia.

A aplicación das novas tarifas terá a súa vixencia a partires do 1 de maio de 2024, e estarán vixentes ata o 30 de abril do ano 2025, data na que procederá tramitar unha nova revisión”

A vista destes antecedentes e de acordo coa delegación de competencias por Decreto do Alcalde de data 28.06.24 sobre as competencias especifica delegadas no segundo tenente de Alcalde e Area de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, especificase de maneira expresa que en materia de servizos, lle corresponde o Seguimento de empresas concesionarias de servizos públicos, e no punto 2 de forma específica a *“Xestión, coordinación e tramitación dos contratos de xestión indirecta de servizos públicos: complexo polideportivos, piscinas cubertas”*, polo cal procede para a continuidade e aprobación do expediente procede ratificar o contido integro da proposta tramitada no presente expediente que se transcribe na súa integridade:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión ordinaria do 18 de decembro de 2006, acorda a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas para a contratación da xestión do servizo público con execución de obra de dúas piscinas cubertas na parcela da praza central do polígono 1 do peri II-12-A Florida B e na parcela do peri 4 Barreiro II.

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria de 23 de maio de 2007 e modificado pola sesión do 12 de xuño de 2007, acordou adxudicar a construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do polígono I do PERI II-12 A Florida B, coa determinación de xestión do servizo público (expte 6078/333), a favor da sociedade concesionaria a constituír por GAIA GD, SL e MOVEXVIAL, SL., formalizándose o contrato coa sociedade concesionaria Carrera Galicia, S.L., en escritura pública de data 15 de xuño de 2007. Posteriormente a Xunta de Goberno Local de 17 de marzo de , deuse por enterada da transformación da sociedade Carrera Galicia S.L., na sociedade anónima con denominación AQA Vigo Xestión Deportiva, S.A.

A posta en funcionamento do servizo ten como referencia inicial a apertura da Piscina da Florida o pasado 1 de novembro de 2010 e posteriormente, o 1 de febreiro de 2011 entrou en funcionamento a piscina de Barreiro.

En relación ás tarifas e funcionamento das piscinas a XGL aprobou en data 29/10/2010 as normas e adecuación do cadro de tarifas para o funcionamento dos servizos a prestar nas piscinas de Barreiro e A Florida.

Con data 17/03/2012, a Xunta de Goberno Local, aproba a revisión de tarifas para o período novembro 2010/novembro 2011, segundo o IPC interanual (expte 11073-333).

Con posterioridade, en data 7/09/2012, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo (expte 11221-333):

- “Primeiro: Establecer a efectos perceptivos do devengo das tarifas aplicables o “contrato de xestión de servizos públicos para construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do Peri 4 Barreiro II e na praza central do polígono I do Peri II-12 a Florida B”, para o calculo do IPC, a data teórica establecida a partir da posta en servizo da instalación mais recente “Barreiro; 1 de febreiro de 2011”, cunha antelación de 15 meses, como período derivado dos argumentos fundamentados como atrasos imputables o propio Concello de Vigo, fixando o momento final na data do indicador publicado de IPC para abril.-2012.*
- Segundo: Determinar o incremento complementario das tarifas pola utilización das instalacións obxecto da concesión de referencia en relación o IPC, nun porcentaxe equivalente ao 3.60 % coincidente coa evolución do IPC, no período novembro 2009 e abril 2012, e a dedución do IPC do período novembro 2010 novembro 2011 aprobado con anterioridade.*
- Terceiro: As tarifas esixibles aos usuarios, en virtude do establecido no parágrafo precedente, axustaranse por redondeo ao alza ou á baixa ao mais cercano múltiplo da fracción 5/100.*
- Cuarto: Toda vez que a revisión de tarifas recolle a totalidade do período dende o inicio da explotación e os atrasos acumulados, as futuras revisións das tarifas se realizaran anualmente, tendo en conta a referencia da presente revisión aprobada de acordo o período novembro 2009 - abril 2012.”*

En data 01/08/2014, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo (expte 13214-333):



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

Primeiro.- Arquivar o expediente 12403-333 relativo á revisión de tarifas para o período abril 2012-abril 2013, xa que non se tramitou no seu día por orde do concelleiro-delegado de Deportes e a dita revisión xa se inclúe no expediente actual.

Segundo.- Autorizar a revisión das tarifas pola entrada e uso así como polas actividades complementarias que se presten nas piscinas cubertas situadas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do Polígono I do PERI II-12 A Florida B, de acordo coa clausula nº 8.2 do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual abril 2012/abril 2014, fixada no 1.80 %.

Terceiro.- As tarifas esixibles aos usuarios, en virtude do establecido no parágrafo precedente, axustaranse por redondeo ao alza ou á baixa ao máis cercano múltiplo da fracción 5/100.

Cuarto.- Aprobado a nova táboa de tarifas para os servizos que se prestan nas piscinas de Florida e Barreiro, segundo o estipulado no anexo I que figura no expediente.

A Xunta de Goberno Local extraordinaria e urxente celebrada o 31 de agosto de 2017, aprobou a revisión das tarifas pola entrada e uso así como polas actividades complementarias que se presten nas piscinas cubertas situadas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do Polígono I do PERI II-12 A Florida B, de acordo coa clausula no 8.2 do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual abril 2014/abril 2017 (expte 16326-333).

Con posterioridade, a Xunta de Goberno Local ordinaria celebrada o 21 de setembro de 2017 aprobou a revisión das tarifas polo uso das pistas de pádel do complexo de Barreiro derivado do incremento do IPC anual no período outubro 2014-abril 2017 (expte 16327-333).

A Xunta de Goberno Local extraordinaria e urxente celebrada o 24 de agosto de 2018, aprobou a revisión das tarifas pola entrada e uso así como polas actividades complementarias que se presten nas piscinas cubertas situadas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do Polígono I do PERI II-12 A Florida B, de acordo coa clausula no 8.2 do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual abril 2017/abril 2018 (expte 17566-333).

Con data 30 de agosto de 2019, a Xunta de Goberno Local aprobou, en sesión ordinaria, autorizar a revisión das tarifas pola entrada e uso, polas actividades complementarias que se presten nas piscinas cubertas así como polo uso e actividades complementarias que se presten nas pistas de padel situadas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do Polígono I do PERI II-12 A Florida B, de acordo coa clausula nº 8.2 do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual abril 2018/abril 2019, fixada no 1,50 % (expte 18843-333).

Con data 20 de agosto de 2021, a Xunta de Goberno Local ordinaria aprobou o incremento ordinario de Tarifas (IPC) pola entrada e uso, polas actividades complementarias que se presten nas piscinas cubertas así como polo uso e actividades complementarias que se presten nas pistas de padel situadas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do Polígono I do PERI II-12 A Florida B, de acordo coa clausula nº 8.2 do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual abril 2019/abril 2021, fixada no 1,50 % (Expte. 20688-333).

Con data 23 de xuño de 2022, a Xunta de Goberno Local ordinaria aprobou o incremento ordinario de Tarifas (IPC) pola entrada e uso, polas actividades complementarias que se presten nas piscinas cubertas así como polo uso e actividades complementarias que se presten nas pistas de padel situadas

nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do Polígono I do PERI II-12 A Florida B, de acordo coa clausula nº 8.2 do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual abril 2021/abril 2022, fixada no 8,30 % (Expte. 21637-333).

Finalmente, con data 07 de xullo de 2023, a Xunta de Goberno Local ordinaria aprobou o incremento ordinario de Tarifas (IPC) pola entrada e uso, polas actividades complementarias que se presten nas piscinas cubertas así como polo uso e actividades complementarias que se presten nas pistas de padel situadas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do Polígono I do PERI II-12 A Florida B, de acordo coa clausula nº 8.2 do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual abril 2021/abril 2022, fixada no 4,10 % (Expte. 22850-333).

En relación co anterior, a empresa AQUA VIGO GESTIÓN DEPORTIVA, S.A.U, presenta escrito vía Rexistro Xeral (nº de entrada 240153581 de data 16/05/24), de solicitude de incremento ordinario de tarifas no período comprendido entre abril de 2023 e abril de 2024.

Todo, tendo en conta que o prego de condicións administrativas establece no seu artigo 8.2 a revisión de tarifas. En relación a este aspecto, enténdese que a revisión das tarifas debe realizarse sobre a data solicitada polo concesionario, co obxecto de non proceder a provocar un prexuízo ao mesmo.

En relación co período de aplicación das novas tarifas, así como o seu período de aplicación, indicar que o mesmo queda definido directamente no apartado 8.1 do prego de condicións administrativas particulares no cal especifica o proceso de revisión ordinaria de tarifas “*verificaranse anualmente, en función das variacións que experimente o índice de prezos ao consumo do conxunto nacional ou índice que o substitúa, tomando como inicial o correspondente ao da data en que entre en funcionamento as instalacións deportivas, aínda que sexa parcialmente e como final o último aprobado, aínda que sexa provisional.*” En base a este apartado o período de aplicación quedará determinado dende a súa aprobación ata a finalización do período anual de revisión, o cal quedará supeditado a unha nova aprobación da revisión.

2.- Proposta de revisión do IPC:

Vista a solicitude presentada con data 16/05/2024 pola empresa AQUA-VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, S.A.U e tendo en conta que o período de revisión establécese entre abril 2023 e abril 2024, o IPC segundo o certificado do INE é de 3,31%, polo cal en base á solicitude establécese o seguinte cadro coa revisión do IPC redondeando os importes. Así, o novo cadro de tarifas (anexo I) contempla unha revisión cunha media de 3,3.

Tabla de revision ordinaria de tarifas.- Actualizacion IPC periodo (abril 2023 a abril 2024)						
Concepto	Tarifa actual	Tarifa actual sin IVE	Tarifa + IPC a abril 2024 s/ive 3,3%	IVE 21 %	Nova tarifa con iva	Tarifa final redondeada
Abonado Joven	28,80 €	23,80 €	24,59 €	5,16 €	29,75 €	29,75 €
Abonado > 60 años	25,90 €	21,40 €	22,11 €	4,64 €	26,75 €	26,75 €
Abonado Matinal	21,60 €	17,85 €	18,44 €	3,87 €	22,31 €	22,30 €
Abonado Individual	43,20 €	35,70 €	36,88 €	7,74 €	44,62 €	44,60 €
Abonado Familiar Titular	43,20 €	35,70 €	36,88 €	7,74 €	44,62 €	44,60 €
Abonado Familiar Conyuge/Hijos < 14 años *	7,15 €	5,91 €	6,10 €	1,28 €	7,38 €	7,40 €
Abonado Discapacitado	21,60 €	17,85 €	18,44 €	3,87 €	22,31 €	22,30 €



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

Tabla de revision ordinaria de tarifas.- Actualizacion IPC periodo (abril 2023 a abril 2024)						
Concepto	Tarifa actual	Tarifa actual sin IVE	Tarifa + IPC a abril 2024 s/ive 3,3%	IVE 21 %	Nova tarifa con iva	Tarifa final redondeada
Abono Padel	27,10 €	22,40 €	23,14 €	4,86 €	28,00 €	28,00 €
Curso piscina Adulto/Niño 1 D/S Abonado	28,80 €	23,80 €	24,59 €	5,16 €	29,75 €	29,75 €
Curso piscina Adulto/Niño 1 D/S NO Abonado	57,55 €	47,56 €	49,13 €	10,32 €	59,45 €	59,45 €
Curso piscina Adulto/Niño Abonado	57,55 €	47,56 €	49,13 €	10,32 €	59,45 €	59,45 €
Curso piscina Adulto/Niño NO Abonado	115,05 €	95,08 €	98,22 €	20,63 €	118,85 €	118,85 €
Curso piscina Adulto/Niño 3 D/S Abonado	80,60 €	66,61 €	68,81 €	14,45 €	83,26 €	83,25 €
Curso piscina Adulto/Niño 3 D/S NO Abonado	161,15 €	133,18 €	137,58 €	28,89 €	166,47 €	166,45 €
Curso piscina AF.Auga > 60 años 2 D/S Abonado	35,95 €	29,71 €	30,69 €	6,44 €	37,13 €	37,15 €
Curso piscina AF.Auga > 60 años 2 D/S NO Abonado	72,00 €	59,50 €	61,47 €	12,91 €	74,38 €	74,40 €
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 1 D/S Abonado	22,65 €	18,72 €	19,34 €	4,06 €	23,40 €	23,40 €
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 1 D/S NO Abonado	45,35 €	37,48 €	38,72 €	8,13 €	46,85 €	46,85 €
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 2 D/S Abonado	45,35 €	37,48 €	38,72 €	8,13 €	46,85 €	46,85 €
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 2 D/S NO Abonado	90,60 €	74,88 €	77,35 €	16,24 €	93,59 €	93,60 €
Natacion Escolar (cuatrimestral ANPAS)	50,35 €	41,61 €	42,98 €	9,03 €	52,01 €	52,00 €
Cursos Sala Especializados 1 D/S Abonados	28,80 €	23,80 €	24,59 €	5,16 €	29,75 €	29,75 €
Cursos Sala Especializados 1 D/S NO Abonados	57,55 €	47,56 €	49,13 €	10,32 €	59,45 €	59,45 €
Cursos Sala Especializados 2 D/S Abonados	57,55 €	47,56 €	49,13 €	10,32 €	59,45 €	59,45 €
Cursos Sala Especializados 2 D/S NO Abonados	115,05 €	95,08 €	98,22 €	20,63 €	118,85 €	118,85 €
Entrada libre piscina Adultos	4,30 €	3,55 €	3,67 €	0,77 €	4,44 €	4,45 €
Entrada libre piscina Menores	2,90 €	2,40 €	2,48 €	0,52 €	3,00 €	3,00 €
Entrada libre sala fitness Adultos	4,30 €	3,55 €	3,67 €	0,77 €	4,44 €	4,45 €
Entrada libre sala fitness Menores	2,90 €	2,40 €	2,48 €	0,52 €	3,00 €	3,00 €
Entrada libre completa incluido SPA	14,40 €	11,90 €	12,29 €	2,58 €	14,87 €	14,85 €
Adiestramientos especificos personalizados mensual	21,60 €	17,85 €	18,44 €	3,87 €	22,31 €	22,30 €
Personal Training 1 sesion	21,60 €	17,85 €	18,44 €	3,87 €	22,31 €	22,30 €
Personal Training 5 sesiones	93,60 €	77,36 €	79,91 €	16,78 €	96,69 €	96,70 €
Personal Training 10 sesiones	172,60 €	142,64 €	147,35 €	30,94 €	178,29 €	178,30 €
Alquiler toalla pequena por acceso	0,95 €	0,79 €	0,81 €	0,17 €	0,98 €	1,00 €
Alquiler toalla grande por acceso	1,10 €	0,91 €	0,94 €	0,20 €	1,14 €	1,15 €
Bono mensual toalla pequena (1 por acceso)	8,65 €	7,15 €	7,38 €	1,55 €	8,93 €	8,95 €
Bono mensual toalla grande (1 por acceso)	14,40 €	11,90 €	12,29 €	2,58 €	14,87 €	14,85 €
Alquiler mensual de taquillas	14,40 €	11,90 €	12,29 €	2,58 €	14,87 €	14,85 €
Alquiler 1 calle piscina 1 h	25,90 €	21,40 €	22,11 €	4,64 €	26,75 €	26,75 €
Alquiler 1 sala de actividades 1 h	25,90 €	21,40 €	22,11 €	4,64 €	26,75 €	26,75 €
Fianza carnet usuario (abonados y cursillistas)	4,30 €	3,55 €	3,67 €	0,77 €	4,44 €	4,45 €
Carnet / pulsera	4,30 €	3,55 €	3,67 €	0,77 €	4,44 €	4,45 €
Perdida del carnet usuario (a partir 2º carnet)	4,30 €	3,55 €	3,67 €	0,77 €	4,44 €	4,45 €
Perdida llave taquilla	4,30 €	3,55 €	3,67 €	0,77 €	4,44 €	4,45 €
Devolución bancaria	1,35 €	1,12 €	1,15 €	0,24 €	1,39 €	1,40 €



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

Tabla de revision ordinaria de tarifas.- Actualizacion IPC periodo (abril 2023 a abril 2024)						
Concepto	Tarifa actual	Tarifa actual sin IVE	Tarifa + IPC a abril 2024 s/ive 3,3%	IVE 21 %	Nova tarifa con iver	Tarifa final redondeada
Abonado Joven	28,80 €	23,80 €	24,59 €	5,16 €	29,75 €	29,75 €
Abonado > 60 años	25,90 €	21,40 €	22,11 €	4,64 €	26,75 €	26,75 €
Abonado Matinal	21,60 €	17,85 €	18,44 €	3,87 €	22,31 €	22,30 €
Abonado Individual	43,20 €	35,70 €	36,88 €	7,74 €	44,62 €	44,60 €
Abonado Familiar Titular	43,20 €	35,70 €	36,88 €	7,74 €	44,62 €	44,60 €
Abonado Familiar Conyuge/Hijos < 14 años *	7,15 €	5,91 €	6,10 €	1,28 €	7,38 €	7,40 €
Abonado Discapacitado	21,60 €	17,85 €	18,44 €	3,87 €	22,31 €	22,30 €
Abono Padel	27,10 €	22,40 €	23,14 €	4,86 €	28,00 €	28,00 €
Curso piscina Adulto/Niño 1 D/S Abonado	28,80 €	23,80 €	24,59 €	5,16 €	29,75 €	29,75 €
Curso piscina Adulto/Niño 1 D/S NO Abonado	57,55 €	47,56 €	49,13 €	10,32 €	59,45 €	59,45 €
Curso piscina Adulto/Niño Abonado	57,55 €	47,56 €	49,13 €	10,32 €	59,45 €	59,45 €
Curso piscina Adulto/Niño NO Abonado	115,05 €	95,08 €	98,22 €	20,63 €	118,85 €	118,85 €
Curso piscina Adulto/Niño 3 D/S Abonado	80,60 €	66,61 €	68,81 €	14,45 €	83,26 €	83,25 €
Curso piscina Adulto/Niño 3 D/S NO Abonado	161,15 €	133,18 €	137,58 €	28,89 €	166,47 €	166,45 €
Curso piscina AF.Auga > 60 años 2 D/S Abonado	35,95 €	29,71 €	30,69 €	6,44 €	37,13 €	37,15 €
Curso piscina AF.Auga > 60 años 2 D/S NO Abonado	72,00 €	59,50 €	61,47 €	12,91 €	74,38 €	74,40 €
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 1 D/S Abonado	22,65 €	18,72 €	19,34 €	4,06 €	23,40 €	23,40 €
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 1 D/S NO Abonado	45,35 €	37,48 €	38,72 €	8,13 €	46,85 €	46,85 €
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 2 D/S Abonado	45,35 €	37,48 €	38,72 €	8,13 €	46,85 €	46,85 €
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 2 D/S NO Abonado	90,60 €	74,88 €	77,35 €	16,24 €	93,59 €	93,60 €
Natacion Escolar (cuatrimestral ANPAS)	50,35 €	41,61 €	42,98 €	9,03 €	52,01 €	52,00 €
Cursos Sala Especializados 1 D/S Abonados	28,80 €	23,80 €	24,59 €	5,16 €	29,75 €	29,75 €
Cursos Sala Especializados 1 D/S NO Abonados	57,55 €	47,56 €	49,13 €	10,32 €	59,45 €	59,45 €
Cursos Sala Especializados 2 D/S Abonados	57,55 €	47,56 €	49,13 €	10,32 €	59,45 €	59,45 €
Cursos Sala Especializados 2 D/S NO Abonados	115,05 €	95,08 €	98,22 €	20,63 €	118,85 €	118,85 €
Entrada libre piscina Adultos	4,30 €	3,55 €	3,67 €	0,77 €	4,44 €	4,45 €
Entrada libre piscina Menores	2,90 €	2,40 €	2,48 €	0,52 €	3,00 €	3,00 €



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

Bono 5 clases colectivas (2/4 pers)			576,45 €	476,40 €	492,13 €	103,35 €	595,48 €	595,50 €
Aluguer Raqueta (partido)			2,10 €	1,74 €	1,79 €	0,38 €	2,17 €	2,15 €

18(568).- PROPOSTA DE SUSPENSIÓN PARCIAL TEMPORAL DO DESCANSO OBRIGATORIO DOS TAXIS DA CIDADE DURANTE A CELEBRACIÓN DO MARISQUIÑO 2024. EXPTE. 4709/449.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 12/07/2024, asinado pola xefa do servizo de Transportes, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

Por acordo plenario de data 6 de setembro de 2010 aprobouse a disposición complementaria para a regulación de quendas de descanso no sector do taxi fixándose o descanso de 92 taxis por día de forma rotatoria de luns a domingo de 00:00 a 24:00 horas por un período de proba de tres meses. Dita medida é provocada pola situación de crise e diminución de traballo do sector.

Por acordo plenario de data 31 de xaneiro de 2011 foi aprobada a prorroga do descanso obrigatorio dos taxis da cidade, aprobado inicialmente por un período de tres meses e nas mesmas condicións, acordo que se mantén en vigor até a data.

SOLICITUDES :

Na data 23 de maio de 2024 D. Emilio Mosquera Rodríguez, como Presidente da Xunta Directiva da ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE AUTOPATRONOS DEL TAXI DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (C.I.F. G-36636637), e en representación da mesma, considerando que é responsabilidade do seu colectivo garantir unha adecuada prestación do servizo de taxi en canto a cantidade e calidade, expón:

“ Que para los días 8,9,10 y 11 de agosto con motivo de la celebración en nuestra ciudad del Marisquiño 2024, se preveé un importante aumento de la demanda de nuestros servicios, unido al resto de fiestas, eventos, turismo, etc.

Por tal motivo, y a fin de solucionar y anticiparnos a que la oferta de servicio sea inferior a la demanda, proponemos que con carácter provisional se suspenda el descanso obligatorio del día 8 al 11 de agosto, ambos inclusive, en horario de 09:00 a 22:00. “

INFORME :

Nos últimos anos e dende a pandemia produxéronse importantes variacións en relación coa demanda do servizo de taxis na cidade, pasando dunha escasa demanda durante os anos 2020 e 2021, a un incremento da demanda durante os anos 2022, 2023 e o ano 2024.

Durante as festas de Nadal 2022 foi suspendida provisionalmente a obrigatoriedade do descanso até o 15 de xaneiro en horario nocturno, sen que se apreciase exceso na oferta.

Durante a celebración do Marisquiño foi suspendida provisionalmente a obrigatoriedade do descanso durante as 24 horas dos días 10, 11,12, e 13 de agosto de 2023, ao obxecto de poder satisfacer o previsible incremento da demanda nas mencionadas datas e a fin de manter a calidade do servizo de taxis.

E, así mesmo foi suspendida provisionalmente a obrigatoriedade do descanso no horario comprendido entre as 22:00 e as 08:00 horas, no período comprendido entre o 1 de xullo e até o 3 de setembro de 2023 incluído, ao obxecto de poder satisfacerse o previsible incremento da demanda existente, e manter a calidade do servizo de taxis.

Durante a celebración da feira Comxemar foi suspendida provisionalmente a obrigatoriedade do descanso, durante as 24 horas dos días 2 ao 6 de outubro de 2023, solicitada a fin de poder garantir a demanda de servizo derivada da celebración da cita da feira.

Durante a celebración das festas do Nadal 2023, foi suspendida provisionalmente a obrigatoriedade do descanso no horario comprendido entre as 22:00 e as 08:00 horas, até o 14 de xaneiro de 2024 incluído, ao obxecto de poder satisfacer o previsible incremento da demanda existente, e manter a calidade do servizo de taxis.

Na data 26 de xaneiro de 2024 foi autorizada a suspensión con carácter parcial, do réxime de descanso obrigatorio dos taxis da cidade aprobado na data 31 de xaneiro de 2011, solicitada pola Asociación provincial de Autopatronos del taxi da la provincia de Pontevedra, e pola asociación Elite Taxi Vigo na data 19 de xaneiro de 2024, no horario comprendido entre as 22:00 e as 09:00 horas, e en tanto se manteñan as circunstancias de demanda actuais, a fin de manter a calidade do servizo de taxis.

Durante todos estes períodos de suspensión da obrigatoriedade do descanso, non se aprecia exceso de oferta en ningún caso.

Ante a solicitude formulada de suspensión do descanso obrigatorio durante os días 8,9,10 e 11 de agosto do presente ano no horario 09:00 a 22:00. con motivo da celebración do Marisquiño 2024 e dado que na actual edición a maioría das probas se celebran en Samil, ademais da zona do Náutico e outras zonas no centro da cidade e a gran afluencia de visitantes nas citadas datas que se produce con ocasión do festival como xa comprobouse nas anteriores edicións, ponse de manifesto a necesidade de ofertar un servizo de transporte público adecuado a demanda.

Ante o previsible incremento da demanda, o Concello ten a obriga de garantir a cantidade e calidade do servizo de taxi, polo que se considera que procede adoptar medidas por parte do servizo de transportes, a fin de garantir que durante as 24 horas do día o servizo sexa suficiente para satisfacer a demanda, e evitar que esta sexa superior á oferta, cos prexuízos que poderían derivarse para os usuarios de transporte público da cidade.

Polo exposto, por parte de este servizo propónse informar favorablemente, ao amparo da regulación legal recollida no artigo 39 da vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo, a solicitude formulada pola Asociación provincial de Autopatronos del taxi da la provincia de Pontevedra, na data 23 de maio de 2024, e acordar a suspensión parcial e temporal do descanso obrigatorio do servizo de taxi da cidade, no horario diúrno dende as 9:00 horas até as 22:00 durante os días 8,9,10 e 11 de agosto a fin de poder satisfacer a demanda, e de conformidade coa solicitude presentada pola unha das asociacións representativas do sector .



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN :

De conformidade co disposto no artigo 39 da vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo aprobada na data 9 de febreiro de 2015, e modificada nas datas 5 de setembro de 2018 e 30 de marzo de 2022: “Cando concorran situacións excepcionais que impliquen una importante diminución ou incremento da demanda perfectamente xustificada e provisional no tempo, que poida afectar as condicións de prestación do servizo en relación coa rendibilidade do mesmo, e que non se trate dunha proposta que de lugar a unha modificación permanente do sistema de descansos, pode estudarse unha modificación provisional do réxime de descanso. A proposta pode ser á solicitude das asociacións representativas do sector acreditando o apoio a iniciativa, dunha maioría absoluta das licenzas de taxi existentes.

De conformidade co disposto na vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi, no seu artigo 4 apartado b establece que:) a competencia para a aprobación das disposicións complementarias de prestación do servizo corresponde a Xunta de Goberno Local, polo que considerando que o descanso obrigatorio para o sector do taxi, foi aprobado por unha disposición complementaria da ordenanza reguladora do servizo, considerase que no presente caso, por tratarse dunha suspensión parcial e temporal dunha parte do contido da mesma, corresponde adoptar o Acordo ao mesmo órgano que ten a competencia para a súa aprobación .

Polo exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte :

ACORDO

Autorizar a suspensión con carácter parcial e temporal do réxime de descanso obrigatorio dos taxis da cidade aprobado na data 31 de xaneiro de 2011, solicitada pola Asociación provincial de Autopatronos del taxi da provincia de Pontevedra, na data 23 de maio de 2024, no horario comprendido entre as 09:00 horas e as 22:00 durante os días 8,9,10 e 11 de agosto de 2024, a fin de manter a calidade do servizo de taxis, durante a celebración do Marisquiño 2024.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(569).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL. EXPTE. 9847/336.

Visto o informe de fiscalización do 12/07/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 11/07/2024, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de organización, xestión e execución dun programa de dinamización infantil (9847-336)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de organización, xestión e execución dun programa de dinamización infantil (9847-336)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 26 de abril de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

***PRIMEIRO.-** “Autorizar a tramitación do expediente de CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL, 9847-336.*

***SEGUNDO.-** Aprobar o gasto total de 320.944,97 € de trescentos vinte mil novecentos corenta e catro con noventa e sete euros, IVE incluído, sendo o importe correspondente ao 10% de IVE 29.176,80€ (vinte nove mil cento setenta e seis con oito euros) e, dos cales 87.530,45€ corresponden ao período de 2024 (agosto non) , 160.472.48€ ao período correspondente a 2025 e 72.942.04€ ao período do 2026 que corresponda, con cargo á partida orzamentaria 3370 2279900 “LUDOTECA CASA DA XUVENTUDE E COIA.*

***TERCEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares asinado en data 22 de abril de 2024 para a contratación da prestación do servizos de organización, xestión e execución dun programa de dinamización infantil , así como o prego de prescricións técnicas para a prestación do servizo de data 11 de abril de 2024.*

***CUARTO.-** Acordar a apertura do procedemento de licitación para a selección de contratista/s na forma prevista na lexislación vixente.”*

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 19 de xuño de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de organización, xestión e execución dun programa de dinamización infantil (9847-336) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
--	-------------	------------



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

1	ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L.	86,00
2	VITAEVENTS, S.L.	81,45
3	SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE, S.A.	67,69
4	SERVIPLUSTOTAL, S.L.	35,59

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L., o día 19 de xuño de 2024, que presenta a documentación requirida o 21 de xuño de 2024, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación, na sesión de data 5 de xullo de 2024, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acorda outorgar un prazo de 3 días a ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L. para que puidera emendar a documentación completando a acreditación dos medios persoais. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación en prazo.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público nos que figura a constitución da mercantil e apoderamento do seu representante. Asemade, figura na documentación enviada a escritura de ampliación do obxecto social, a tarxeta de identificación fiscal e o DNI do seu representante.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (112.330,74 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.

- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (112.330,74 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Acreditación dos medios persoais a adscribir á execución do contrato esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.
- Seguro de caución por un importe (cada un) de 12.980,00 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figuran os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA. Asemade figura no expediente o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 11 de xullo de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 6 e 18 de xuño de 2024, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de organización, xestión e execución dun programa de dinamización infantil (9847-336) por un prezo total do contrato de 285.560,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 25.960,00 euros e coas seguintes condicións:

- a) *A realización de 4 (nº) de cursos de formación para o persoal do servizo de acordo cos requisitos sinalados no apartado 7.B.2.1 desta FEC- Anexo I.*
- b) *A realización de 2 (nº) actividades especiais de animación infantil con espectáculo realizadas por persoal externo en ambos centros sen custe adicional para o Concello.*
- c) *Achega de 2 (nº) monitores con formación en atención a menores con necesidades especiais.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Adxudicación da contratación da actuación artística de “victor manuel sinfónico” dentro do programa de espectáculos de verán de “vigo en festas 2024. Expte. 10146/335.

.- Aceptación de solicitudes da convocatoria de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo 2024. Expte. 10108/335.

.- Expediente de contratación do subministro e instalación da rede de sinalización turística dixital intelixente. Expte. 8450/104.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

20(570).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE “VICTOR MANUEL SINFÓNICO” DENTRO DO PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE “VIGO EN FESTAS 2024. EXPTE. 10146/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 17/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/07/2024, asinado pola técnica de administración xeral e a A xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do espectáculo do artista “Víctor Manuel Sinfónico” (10146-335) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 3 de xullo de 2024, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista “VICTOR MANUEL SINFÓNICO” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 16 de maio de 2024 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 2 de xullo de 2024, redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 205.700,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 170.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- O 4 de xullo de 2024 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a ION MUSICA, S.L.

Terceiro.- O 12 de xullo de 2024, ION MUSICA, S.L., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 15 de xullo de 2024, reuníronse a técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 xunto coa xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como instrutora do procedemento por resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 23 de xuño de 2023, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, abriuse o “SOBRE A: DOCUMENTACIÓN PERSOAL”. Cualificada a documentación administrativa, comprobouse que a documentación presentada para a acreditación da solvencia técnica non acredita a mesma (que ascende a 143.990,00 €) xa que, presentan dous certificados de boa execución por concertos realizados no ano 2022 por un importe total de 114.950,00 € e un certificado de boa execución por concertos realizados no ano 2024, por un importe de 70.180,00 €. En vista do anterior, acordase outorgar un prazo de 3 días naturais, en base ao disposto na cláusula 17.3 do PCAP, a ION MUSICA, S.L. tendo en conta que a cláusula 9.1.4º dispón que se considerará acreditada a solvencia técnica “se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao 70% orzamento base de licitación do contrato”.

O 16 de xullo de 2024, reúnense a técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 xunto coa xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como instrutora do procedemento por resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 23 de xuño de 2023, para a cualificación da documentación presentada no Sobre A e, se procede, a apertura do Sobre B.

Constátase que a licitadora, en data 16 de xullo de 2024, presentou a documentación solicitada polo unha vez comprobada que esta é correcta, conforme ao esixido na cláusula 13.8.A) do PCAP, enténdese emendada a documentación do sobre A e admítese neste procedemento a ION MUSICA, S.L.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación “*dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación*”.

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP “*Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración.*”

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de ION MUSICA, S.L., sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente os certificados acreditativos de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, ION MUSICA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión ás actas do 15 e 16 de xullo de 2024 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ION MUSICA, S.L. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do espectáculo do artista “Víctor Manuel Sinfónico” (10146-335) por



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

un prezo total de 205.700,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 35.700,00 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(571).- ACEPTACIÓN DE SOLICITUDES DA CONVOCATORIA DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL CON ENTIDADES PRIVADAS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO 2024. Expte. 10108/335.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/07/2024, asinado pola técnica de administración Xeral (P.A. da Xefa do Servizo de Contratación e Novos Proxectos) e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Con data 19 de abril de 2024 a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria aprobou as bases reguladoras e convocatoria de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo 2024 - 2025”.

Con data 28 de xuño de 2024 foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, a “convocatoria de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo” xunto cos anexos I e III. En concreto para os concertos nacionais e internacionais que se celebren no Auditorio de Castrelos de Vigo nos meses de xullo e agosto de 2024.

No prazo establecido na bases da convocatoria, comprendido entre o 29 de xuño e o 13 de xullo, presentáronse as seguintes entidades:

ENTIDADE	CIF	TIPO COLABORACIÓN	DE VALORACIÓN ECONOMICA
CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA	B-703113507	- MONETARIA - ESPECIE/MEMORIA	100.000 € 3.084.000 €

O día 15 de xullo, de acordo co establecido na base novena das reguladoras de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo, reúnese para estudo das propostas anteditas a Comisión de avaliación e que está composta por:

A Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, Dna. Patricia Rodríguez Calviño en calidade de Presidenta, e en calidade de Secretaria a xefa da área de Contratación e Novos Proxectos Beatriz Barbará Rodríguez.

A comisión acepta a única a proposta achegada xa que a marca e o produto se adecúa ao tipo de actividade programada.

En canto ao contido da proposta a Comisión decide non admitir a achega en especie proposta na Memoria, ao tratarse de accións non directamente vinculadas coas actividades de verán de Vigo en Festas 2024.

Non resulta necesario facer unha valoración da puntuación acadada ao existir soamente unha proposta que valorar.

A vista do antedito, **PROPONSE** Á Xunta de Goberno Local :

Primeiro.- Aceptar a solicitude presentada pola empresa CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA, CIF B-703113507 pola achega monetaria de 100.000 €.

Segundo.- Non admitir a achega en especie proposta na Memoria, ao tratarse de accións non directamente vinculadas cos concertos nacionais e internacionais que se celebren no Auditorio de Castrelos de Vigo nos meses de xullo e agosto de 2024.

Terceiro.- Comunicar á empresa solicitante a aceptación da súa participación como colaborador nos concertos nacionais e internacionais que se celebren no Auditorio de Castrelos de Vigo nos meses de xullo e agosto de 2024.

Cuarto.- Asinar entre a Concelleira Delegada da área de Seguridade Contratación Festas e Xestión Municipal (conforme os decretos de delegación de alcaldía de datas 20/06/2023 e 28/06/2023 e modificación de data 28/06/2024) e a entidade solicitante a proposta de convenio recollido no anexo II da convocatoria.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(572).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DA REDE DE SINALIZACIÓN TURÍSTICA DIXITAL INTELIXENTE. Expte. 8450/104.

Visto o informe xurídico do 18/07/2024 e o informe de fiscalización do 18/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/07/024, asinado técnica en actividades turísticas e conformado pola concelleira delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

Antecedentes:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, foi asinada o 13/03/23
- Memoria económica de data 12/07/24, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP, en base ao estudo realizado pola entidade ATI Galicia
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 06/03/24
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 06/05/24
- Anexo I Documentación técnica complementaria do contrato de subministro e instalación de mupis dixitais, de data 05/06/24
- Memoria xustificativa de data 06/06/24 relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da elección do criterio de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación da fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
 - Lugar de entrega dos bens obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).

- Informe do servizo de contratación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública asinado en data 16/07/24
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola servizo de contratación de data 16/07/24

Fundamentos de dereito

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No Concello de Vigo esta competencia esta delegada por Decreto do Alcalde de data 28.06.24 e posterior de 01.07.24 de estrutura da administración do Concello de Vigo: Delegación de competencias e Decreto do Alcalde área de Goberno de Política social, Turismo e Xuventude de data 28.06.24

A Concelleira delegada de Turismo mediante resolución de 13/03/23 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto con varios criterios de adxudicación en aplicación dos artigos 131.2, 145, e 156.1 de la Lei 9/2017, conforme aos términos e requisitos establecidos en dito texto legal.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP, os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), modificacións do contrato (artigo 207 da LCSP)

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1709/1102

Noveno.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª .4 LCSP)

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto de **CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DA REDE DE SINALIZACIÓN TURÍSTICA DIXITAL INTELIXENTE.**

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 06/05/24 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de data 16/07/24 que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación.

Tercero: Aprobar o gasto polo importe máximo de licitación de 693.501,46€ sendo o importe correspondente ao IVE de 120.359,76€
O contrato financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 4320.6090020" SINALIZACIÓN DIXITAL EN MUPIS DIXITAIS", da anualidade 2024

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(573).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e corenta minutos . Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez